

INDICE DOS DOCUMENTOS DO EXPEDIENTE DO PROXECTO DE ORZAMENTOS 2024.

- 1- PROPOSTA DA ALCALDÍA.
- 2.- MEMORIA DA ALCALDÍA. INTRODUCCIÓN
- 3.- BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO.
- 4.- ORZAMENTO DA PROPIA ENTIDADE LOCAL: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS:
 - ESTADO DE INGRESOS.

 - ESTADO DE GASTOS.
- 5.- ORZAMENTO DO ORGANISMO AUTÓNOMO: INSTITUTO MUNICIPAL DE DROGODEPENDENCIAS:
 - ESTADO DE INGRESOS.

 - ESTADO DE GASTOS.
- 6.- ESTADO DE CONSOLIDACIÓN DO ORZAMENTO DO CONCELLO CO ORZAMENTO DO INSTITUTO MUNICIPAL DE DROGODEPENDENCIAS.
- 7.- ANEXO DE SUBVENCÍONS.
- 8.- LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2022 E PREVISION DE LIQUIDACIÓN DO 2023.
- 9.- ANEXO DE PERSOAL. MEMORIA E CADROS DE PERSOAL DO CONCELLO.
- 10.- ANEXO DE INVESTIMENTOS A REALIZAR NO 2024.
- 11.- ANEXO DE BENEFICIOS FISCAIS EN TRIBUTOS LOCAIS.
- 12.- ANEXO COA INFORMACIÓN RELATIVA AOS CONVENIOS SUSCRITOS COA XUNTA DE GALICIA EN MATERIA DE GASTO SOCIAL.
- 13.- INFORME ECONÓMICO –FINANCEIRO
- 14.-. INFORME DE INTERVENCIÓN
- 15.- EXPEDIENTE DE APROBACIÓN.



2024

ORZAMENTOS XERAIS DO CONCELLO DE MONFORTE DE LE MOS E O ORGANISMO AUTÓNOMO DROGODEPENDENCIAS



PROPOSTA DA ALCALDÍA.

APROBACIÓN DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE MONFORTE E DO ORGANISMO AUTÓNOMO INSTITUTO MUNICIPAL DE DROGODEPENDENCIAS PARA O EXERCICIO 2024.

Formado o Orzamento Xeral deste Concello correspondente ao exercicio económico 2024, que inclúe o Orzamento do Concello e o do Instituto Municipal de Drogodependencias, así como, as súas Bases de Execución e o cadro de persoal comprensiva de todos os postos de traballo tanto funcionario coma laboral, de conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e o artigo 18 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988.

Visto e coñecido o contido do informe de Intervención que consta no expediente.

Visto o Informe de Intervención que consta no expediente.

Proponse ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Monforte de Lemos e o seu organismo autónomo Instituto Municipal de Drogodependencias para o exercicio económico 2024, que cumpre co principio de estabilidade orzamentaria e de sostenibilidade financeira, e a documentación anexa e complementaria que se une ó expediente, que ascende a **16.386.335,94 €**, xunto coas súas Bases de execución, consolidado co do Instituto Municipal de Drogodependencias, resumido por capítulos é o seguinte:

GASTOS				
2024	ORZAMENTO DA CORPORACIÓN	ORZAMENTO INSTITUTO MUNICIPAL DROGODEPENDENCIAS	TRANSFERENCIAS A ELIMINAR	ORZAMENTO XERAL CONSOLIDADO
CAPITULO I	5.202.085,35	313.573,41		5.515.658,76
CAPITULO II	8.898.094,31	24.000,00		8.922.094,31
CAPITULO III	81.000,00			81.000,00
CAPITULO IV	1.185.076,58		337.573,41	847.503,17
CAPITULO V	0,00			0,00
TOTAL	15.366.256,24	337.573,41	337.573,41	15.366.256,24
CAPITULO VI	735.530,60			735.530,60
CAPITULO VII	278.549,10			278.549,10
CAPITULO VIII	6.000,00			6.000,00
CAPITULO IX	0,00			0,00
TOTAL	1.020.079,70	0,00	0,00	1.020.079,70
TOTAL XERAL CONSOLIDADO	16.386.335,94	337.573,41	337.573,41	16.386.335,94

INGRESOS				
2024	ORZAMENTO DA CORPORACIÓN	ORZAMENTO INSTITUTO MUNICIPAL DROGODEPENDENCIAS	TRANSFERENCIAS A ELIMINAR	ORZAMENTO XERAL CONSOLIDADO
CAPITULO I	5.974.475,79			5.974.475,79
CAPITULO II	550.000,00			550.000,00

CSV: 07E7000CEC8E00F4N3M9P8L9K3



CAPITULO III	2.475.072,50			2.475.072,50
CAPITULO IV	6.554.537,65	337.573,41	337.573,41	6.554.537,65
CAPITULO V	76.250,00			76.250,00
TOTAL	15.630.335,94	337.573,41	337.573,41	15.630.335,94
CAPITULO VI	0,00			0,00
CAPITULO VII	0,00			0,00
CAPITULO VIII	6.000,00			6.000,00
CAPITULO IX	750.000,00			750.000,00
TOTAL	756.000,00	0,00	0,00	756.000,00
TOTAL XERAL CONSOLIDADO	16.386.335,94	337.573,41	337.573,41	16.386.335,94

SEGUNDO. Aprobar inicialmente o cadro de persoal, comprensivo de todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e persoal eventual, segundo figura no expediente.

TERCEIRO. Aprobar a masa salarial do persoal laboral do Concello, que ascende a 1.469.122,74 €, e do I.M. de Drogodependencias 237.507,29 €.

QUINTO. Aprobar as Bases de execución e o anexo de subvencións que forman parte do expediente do orzamento.

SEXTO. Expor ao público o Orzamento Xeral para o 2024, as Bases de Execución e o cadro de persoal aprobados, por un prazo de quince días hábiles, computando o prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ó público no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

SÉTIMO. Considerar elevados a definitivos estes Acordos no caso de que non se presente ningunha reclamación.

OITAVO. Remitir copia á Administración do Estado, así como, á Consellería de Facenda da Comunidade Autónoma, a través das plataformas habilitadas ó efecto.

Monforte de Lemos, na data da sinatura dixital

O ALCALDE, José Tomé Roca

P.D. Decreto de data 21.06.2023

A PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE, Gloria María Prada Rodríguez

CSV: 07E7000CEC8E00F4N3M9P8L9K3



MEMORIA DE ALCALDÍA. ORZAMENTO 2024

INTRODUCCIÓN

DOCUMENTACIÓN

O Real Decreto legislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facenda Locais, no seu artigo 164.1 establece que as Entidades Locais elaborarán e aprobarán anualmente un Orzamento Xeral no que se integrarán:

- a) O orzamento da propia entidade.
- b) Os dos organismos autónomos dependentes da mesma.
- c) Os estados de previsión de gastos e ingresos das Sociedades Mercantís cuxo capital social pertenza integramente a Entidade Local.

O mesmo texto legal no seu art. 165 dispón que o orzamento xeral atenderá ó cumprimento do principio de estabilidade nos termos previstos na Lei 18/2001, Xeral de Estabilidade Orzamentaria, e conterá para cada un dos orzamentos que nel se integren:

- a) Os Estados de Gastos, nos que se incluírán, coa debida especificación, os créditos necesarios para atender ó cumprimento das obrigas.
- b) Os Estados de Ingresos, nos que figurarán as estimacións dos distintos recursos económicos a liquidar durante o exercicio.

Así mesmo, incluírá as Bases de Execución, que conterán a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e circunstancias da propia entidade, así como aquelas outras necesarias para a súa acertada xestión, establecendo cantas prevencións se consideren oportunas ou convenientes para a mellor realización dos gastos e recadación dos recursos, sen que poidan modificar o lexislado para a administración económica nin comprender preceptos de orde administrativo que requiran legalmente procedemento e solemnidades específicas distintas do previsto para o orzamento.

Os recursos da entidade local e de cada un dos seus organismos autónomos e sociedades mercantís se destinarán a satisfacer o conxunto das súas respectivas obrigas, salvo no caso de ingresos específicos afectados a fines determinados. Os dereitos liquidados e as obrigas recoñecidas aplicaranse aos orzamentos polo se un importe íntegro, quedando prohibido atender obrigas mediante minoración dos dereitos a liquidar ou xa ingresados, salvo que a lei o autorice de forma expresa. Exceptúase do anterior as devolucións de ingresos que se declaren indebidos por Tribunal ou autoridade competente.

Cada un dos orzamentos que se integran no orzamento xeral deberá aprobarse sen déficit inicial.

O orzamento Xeral uniráselle a documentación Anexa que se especifica no artigo 166.

En consonancia cos ditados da norma, o Orzamento Xeral do Concello de Monforte de Lemos para 2024 componse de:

a) O orzamento da propia entidade, que contén:

- O Estado de Gastos coa debida especificación, os créditos necesarios para atender ó cumprimento das obrigas.
- O Estado de Ingresos, no que figuraran as estimacións dos distintos recursos económicos a liquidar durante o exercicio.

b) O orzamento do organismos autónomos dependentes da mesma: Instituto Municipal de Drogodependencias, que a súa vez contén:

- O Estado de Gastos coa debida especificación, os créditos necesarios para atender ó cumprimento das obrigas.
- O Estado de Ingresos, no que figurarán as estimacións dos distintos recursos económicos a liquidar durante o exercicio.

b) Bases de Execución do Orzamento:

Conteñen a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e circunstancias do Concello, así como aquelas outras necesarias para a súa xestión, establecendo cantas prevencións se consideraron necesarias para garantir a correcta execución e realización do Orzamento de gastos e ingresos. Constará dun único documento que será de aplicación ó Orzamento do Concello de Monforte e o organismo autónomo de Drogodependencias, nos termos que se indican nas mesmas.

CSV: 07E7000CEBA800H9Z4F5V7U4I6



Conforme ó disposto no art 166 únese como anexo ó Orzamento Xeral do concello de Monforte de Lemos para o exercicio 2024 o estado de consolidación do orzamento do propio concello co do orzamento do su organismo autónomo: Instituto Municipal de Drogodependencias.

Pola súa parte conforme o art 168 do TRLRFL o orzamento formado polo Presidente se une a seguinte documentación:

- a) Memoria explicativa do contido do Proxecto de Orzamento e das principais modificacións que presenta en relación co Orzamento vixente
- b) Liquidación do orzamento do exercicio anterior e avance da do corrente, referida, aos menos a move primeiros meses do exercicio corrente.
- c) Anexo de Persoal da Entidade Local
- d) Anexo das investimentos a realizar no exercicio.
- e) Anexo de beneficios fiscais en tributos locais contendo información detallada dos beneficios fiscais e a súa incidencia en cada un dos ingresos do concello.
- f) Anexo coa información relativa aos convenios subscritos coa Xunta de Galicia en materia de gasto social, con especificación da contía das obrigas de pago e dos dereitos económicos que se deben recoñecer no exercicio ó que se refire o orzamento xeral e das obrigas pendentes de pago e dereitos económicos pendentes de cobro, recoñecidos en exercicios anteriores, así como da aplicación ou partida orzamentaria na que se recollen, e a referencia a que ditos convenios inclúen a cláusula de retención de recursos do sistema de financiación á que se refire o art. 57.bis da Lei 7/198, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- g) Informe económico-financeiro, no que se expoñan as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos e das operacións de crédito previstas, a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento de obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e , en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento.

ESTRUTURA DOS ESTADOS DE GASTOS E INGRESOS DO ORZAMENTO

A estrutura dos Estados de Gastos e Ingresos ven establecida na Orde Ministerial de 3 de decembro de 2008, modificada pola Orde HAP/419/2014, pola que se establece a estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais e recolle as seguintes clasificacións:

- a) Clasificación orgánica.
- b) Clasificación por programas, agrupando os créditos segundo a natureza das actividades a realizar e ordenando os gastos en función dos obxectivos a alcanzar, indicando as actividades necesarias para iso.
- c) Clasificación económica, ordenando os créditos de acordo cunha estrutura contable, segundo a natureza económica, en Capítulos, artigos, conceptos e subconceptos.

CLASIFICACIÓN POR PROGRAMAS

A clasificación por programas de acordo ca Orde HAP/419/2014, reflicte a agrupación dos créditos segundo a súa finalidade. A desagregación por “Áreas de Gasto” e “Políticas de Gasto” é a seguinte:

1. Servizos públicos básicos
 - 1.3. Seguridade e mobilidade cidadá
 - 1.5. Vivenda e urbanismo
 - 1.6 Benestar comunitario.
 - 1.7. Medio ambiente
2. Actuacións de protección e promoción social
 - 2.2. Outras prestacións económicas a favor de empregados
 - 2.3. Servizos sociais e promoción social
 - 2.4. Fomento do emprego
3. Produción de bens públicos de carácter preferente
 - 3.1. Sanidade
 - 3.2. Educación
 - 3.3. Cultura
 - 3.4. Deporte
4. Actuacións de carácter económico

CSV: 07E7000CEBA800H9Z4F5V7U4I6



DOCUMENTO
FIRMADO
DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E7000CEBA800H9Z4F5V7U4I6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

GLORIA MARIA PRADA RODRIGUEZ-P.D Decreto de 21.06.2023- A 1ª Tenente de Alcalde - 17/11/2023
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/11/2023 11:04:40

DOCUMENTO: 20230846760
Fecha: 17/11/2023
Hora: 11:04



- 4.1 Agricultura, gandería e pesca.
- 4.3. Comercio, turismo e pequenas e medianas empresas
- 4.4. Transporte público
- 4.5 Infraestruturas

- 9. Actuacións de carácter xeral
- 9.1. Órganos de goberno
- 9.2. Servizos de carácter xeral
- 9.3. Administración financeira e tributaria

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA

➤ INGRESOS

A clasificación económica dos Ingresos do Proxecto de Orzamento Xeral do Concello de Monforte de Lemos vén determinada pola Orde do Ministerio de Economía e Facenda de 3 de decembro de 2008 e a modificación de 14 de marzo de 2014.

Capítulo 1. Impostos Directos.

Inclúense neste capítulo todo tipo de recursos esixidos sen contraprestación cuxo feito impositivo estea constituído por negocios, actos ou feitos de natureza xurídica ou económica, que poñan de manifesto a capacidade contributiva do suxeito pasivo, como consecuencia da posesión dun patrimonio ou da obtención de renda.

Estrutúrase nos seguintes artigos:

11. Impostos sobre o capital.

Recole os ingresos derivados dos impostos que gravan a titularidade dun patrimonio ou os incrementos de valor postos de manifesto pola transmisión de elementos integrantes do mesmo.

Inclúe os seguintes impostos:

- Imposto sobre Bens Inmóveis de natureza urbana.

Este imposto é un tributo directo de carácter real que grava o valor dos bens inmóveis de natureza urbana radicados no termo municipal de Monforte de Lemos.

- Imposto sobre Bens Inmóveis de natureza rústica.

Este imposto é un tributo directo de carácter real que grava o valor dos bens inmóveis de natureza rústica radicados no termo municipal de Monforte de Lemos.

- Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.

Este imposto, tamén de carácter directo, grava a titularidade dos vehículos desta natureza, aptos para circular polas vías públicas calquera que sexan a súa clase e categoría.

- Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana.

Este imposto é un tributo directo que grava incremento do valor dos terreos posto de manifesto como consecuencia da transmisión da propiedade dos terreos por calquera título ou constitución ou transmisión de calquere dereito real de goce, limitativo do dominio, sobre os referidos terreos.

12. Imposto sobre actividades económicas.

Recole os ingresos derivados do imposto cuxo feito impositivo está constituído polo exercicio en territorio nacional de actividades empresariais, profesionais ou artísticas, exérganse ou non en local determinado e áchense ou non especificadas nas tarifas do imposto.

Capítulo 2. Impostos Indirectos.

Incluíranse neste capítulo recursos esixidos sen contraprestación cuxo feito impositivo estea constituído por negocios, actos ou feitos de natureza xurídica ou económica, que poñan de manifesto a capacidade contributiva do suxeito pasivo, como consecuencia da circulación dos bens ou o gasto da renda.

Este capítulo unicamente está integrado polo Imposto sobre construcións, instalacións e obras. Este concepto comprende os ingresos derivados do imposto que grava a realización de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, sempre que a súa expedición corresponda ó Concello de Monforte de Lemos.



Capítulo 3. Taxas, prezos públicos e outros Ingresos.

Neste capítulo recóllense os ingresos procedentes da utilización privativa ou do aproveitamento especial do dominio público, da prestación de servizos ou a realización de actividades en réxime de dereito público ou privado, da venda de bens, as contribucións especiais, sancións e recargas, reintegros por operacións correntes e outros ingresos non recollidos nestes conceptos.

Os artigos en que se divide este capítulo son os seguintes:

30. Taxas pola prestación de servizos públicos básicos.

Comprende os ingresos derivados da prestación de servizos públicos básicos, entendendo por tales os incluídos na área de gasto 1 da clasificación por programas, de competencia local que afecten ou beneficien de modo particular ó suxeito pasivo, cando non sexan de solicitude ou recepción voluntaria para os administrados ou non se presten ou realicen polo sector privado, estea ou non establecida o seu reserva a favor do sector público.

Neste artigo podemos distinguir conceptos de ingresos, tales como abastecemento de augas e rede de sumidoiros, así como recollida de lixos e tratamento de residuos.

31. Taxas pola prestación de servizos públicos de carácter social e preferente.

Neste artigo podemos distinguir conceptos de ingresos pola prestación de servizos de carácter asistencial, deportivo e cultural.

32. Taxas pola realización de actividades de competencia local.

Comprende os ingresos derivados da realización de actividades administrativas en réxime de dereito público de competencia local que se refira, afecte ou beneficie de modo particular ó suxeito pasivo, cando non sexan de solicitude ou recepción voluntaria para os administrados ou non se presten ou realicen polo sector privado, estea ou non establecida o seu reserva a favor do sector público.

Neste artigo inclúense os ingresos por actividades administrativas de autorización relativas a actuacións urbanísticas así como a expedición de documentos administrativos.

33. Taxas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local.

Neste artigo figuran os ingresos percibidos como contraprestación pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local. Tales como entradas de vehículos, mesas e cadeiras, etc.

34. Prezos públicos.

Ingresos percibidos como contraprestación dos servizos prestados polo Concello ou pola realización de actividades da súa competencia, sempre que non concorran as circunstancias esixidas para a súa inclusión no artigo 31.

39. Outros ingresos.

Recolle os ingresos que, sendo propios deste capítulo, non se incluíron nos artigos anteriores.

Capítulo 4. Transferencias correntes.

Este capítulo contén os ingresos de natureza non tributaria, percibidos polo Concello ou os seus Organismos Autónomos sen contraprestación directa por parte dos mesmos, destinados a financiar operacións correntes.

Nos distintos artigos, conceptos e subconceptos que compoñen este capítulo, diferéncianse as transferencias en función dos axentes que as conceden.

40. Da Administración Xeral da Entidade local.

41. De Organismos Autónomos da Entidade local.

42. Da Administración do Estado.

Recolle, entre outros, os ingresos derivados da Participación Xeral nos Tributos do Estado a través do Fondo Complementario de Financiamento.

45. Da Comunidade Autónoma.

46. De Entidades locais.

47. De Empresas privadas.



Capítulo 5. Ingresos Patrimoniais.

Este capítulo recolle os ingresos de natureza non tributaria procedentes de rendas da propiedade ou do patrimonio do Concello ou os seus Organismos Autónomos, así como os derivados de actividades realizadas en réxime de dereito privado.

52. Xuros de depósitos.

Este artigo recolle os xuros que debeñen os depósitos monetarios en bancos e caixas de aforro efectuados polo Concello ou o seu Organismo Autónomo.

54. Rendas de bens inmobles.

Inclúe os ingresos derivados do aproveitamento, uso ou goce por terceiros dos bens inmobles patrimoniais.

55. Produto de concesións e aproveitamentos especiais.

Este artigo comprende os ingresos obtidos xeral, os derivados de todo tipo de concesións e aproveitamentos especiais que este poida percibir.

Capítulo 8. Activos Financeiros

Recolle os ingresos obtidos polo alleamento de activos financeiros, tanto do interior como do exterior, calquera que sexa a forma de instrumentación e o seu vencemento.

83. Reintegro de préstamos e anticipos concedidos ó sector público. Comprende os ingresos obtidos por reintegros de anticipos de pagas ó persoal do concello.

➤ GASTOS

A clasificación económica do gasto aparece regulada na Orde do Ministerio de Economía e Facenda de 3 de decembro de 2008, pola que se establece a estrutura dos Orzamentos das entidades locais e polas modificacións introducidas pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

Os créditos ordenaranse segundo a súa natureza económica con arranxo á clasificación por capítulos, artigos, conceptos e subconceptos. A continuación se especifica o contido de cada capítulo descendendo até o nivel de artigo.

Capítulo 1. Gastos de Persoal.

Aplicaranse a este capítulo os gastos seguintes:

- Todo tipo de retribucións fixas e variables e indemnizacións, en diñeiro e en especie, a satisfacer polas entidades locais e polos seus Organismos Autónomos ó persoal que preste os seus servizos nas mesmas.
- Cotizacións obrigatorias das entidades locais e dos seus organismos autónomos aos distintos réximes de Seguridade Social ó seu servizo.
- Prestacións sociais.
- Gastos de natureza social realizados, en cumprimento de acordos e disposicións vixentes, polas entidades locais e os seus organismos autónomos para o seu persoal

Os artigos nos que se divide este capítulo son:

- 10. Órganos de goberno e persoal directivo.**
- 11. Persoal Eventual.**
- 12. Persoal Funcionario**
- 13. Persoal Laboral.**
- 14. Outro persoal.**
- 15. Incentivos ó rendemento.**
- 16. Cotas, prestacións e gasto sociais a cargo do empregador.**

CSV: 07E7000CEBA800H9Z4F5V7U4I6



Capítulo 2 Gastos en Bens Correntes e Servizos.

Este capítulo comprende os gastos en bens e servizos necesarios para o exercicio das actividades das entidades locais e os seus organismos autónomos que non produzan un incremento do capital ou do patrimonio público.

Serán imputables a os créditos de este capítulo os gastos orixinados para a adquisición de bens que reúnan algunha das seguintes características:

- a) Ser bens funxibles.
- b) Ter unha duración previsiblemente inferior ó exercicio orzamentario.
- c) Non ser susceptibles de inclusión en inventario.
- d) Ser gastos que previsiblemente sexan reiterativos.

Ademais aplicaranse neste capítulo os gastos de carácter inmaterial que poidan ter carácter reiterativo, non sexan susceptibles de amortización e non estean directamente relacionados coa realización dos investimentos.

Os artigos en que se desagra este capítulo son:

20. Arrendamentos e canons.

21. Reparacións, mantemento e conservación.

22. Material, subministracións e outros.

23. Indemnizacións por razón do servizo.

24. Gastos de publicacións.

25. Traballos realizados por administracións públicas e outras entidades públicas.

26. Traballos realizados por Institucións sen fins de lucro.

27. Gastos imprevistos e funcións non clasificadas.

Capítulo 3. Gastos Financeiros.

Este capítulo comprende os xuros, incluídos os implícitos, e demais gastos derivados de todo tipo de operacións financeiras contraídas pola Entidade local ou os seus Organismos Autónomos, así como os gastos de emisión ou formalización, modificación e cancelación das mesmas, diferenzas de cambio e outros rendementos implícitos.

Os gastos desta natureza especificanse nos seguintes artigos:

30. De Débeda Pública en euros.

31. De Préstamos e outras operacións financeiras en euros.

Capítulo 4. Transferencias Correntes.

Comprende os créditos para achegas por parte da entidade local ou dos seus organismos autónomos, sen contrapartida directa dos axentes perceptores e con destino a financiar operacións correntes.

Imputarase atendendo ó seu destinatario.

Por subconceptos distínguense as transferencias de acordo coa Administración

Pública ou co ente destinatario das mesmas. Este capítulo desagrégase nos seguintes artigos:

40. Á Administración Xeral da Entidade local.

41. A Organismos autónomos da Entidade local.

42. Á Administración do Estado.

43. Á Seguridade Social.

44. A Entes Públicos e Sociedades Mercantís da Entidade Local.

45. A Comunidades Autónomas.

46. A Entidades locais.

47. A Empresas privadas.

48. A Familias e institucións in fins de lucro.

49. ó Exterior.

Capítulo 6. Investimentos Reais.

CSV: 07E7000CEBA800H9Z4F5V7U4I6



Este capítulo comprende os gastos en os que incorran ou prevexan incorrer as entidades locais ou os seus organismos autónomos destinados a a creación de infraestruturas e á creación ou adquisición de bens de natureza inventariable necesarios para o funcionamento dos servizos e aqueloutros gastos que teñan carácter amortizable.

Serán imputables aos créditos deste capítulo os gastos orixinados pola adquisición de bens a que se refire o parágrafo anterior que reúnan algunha das seguintes características:

- Que non sexan bens funxibles.
- Que teñan unha duración previsiblemente superior ó exercicio orzamentario.
- Que sexan susceptibles de inclusión en inventario.
- Ser gastos que previsiblemente non sexan reiterativos.

En xeral serán imputables a este capítulo os gastos previstos nos anexos de investimentos reais que se unan aos Orzamentos Xerais das entidades locais.

Os seguintes artigos forman parte deste capítulo:

60. Investimento novo en infraestruturas e bens destinados ó uso xeral.

61. Investimentos de reposición en infraestruturas e bens destinados ó uso xeral.

62. Investimento novo asociada ó funcionamento operativo dos servizos.

63. Investimento de reposición asociada ó funcionamento operativo dos servizos.

64. Gastos en investimentos de carácter inmaterial.

65. Investimentos xestionados para outros entes públicos.

68. Gastos en investimentos de bens patrimoniais.

69. Investimentos en bens comunais.

Capítulo 7. Transferencias de Capital.

Comprende os créditos para achegas por parte da entidade local ou dos seus organismos autónomos sen contrapartida directa dos axentes perceptores e con destino a financiar operacións de capital.

Por subconceptos poderanse distinguir as transferencias de acordo co ente perceptor.

A estrutura dos artigos comprendidos neste capítulo é análoga á do Capítulo 4, salvando as diferenzas de numeración e contido.

Capítulo 8. Activos financeiros.

Este capítulo recolle o gasto que realizan as Entidades locais e os seus Organismos autónomos na adquisición de activos financeiros, tanto do interior como do exterior, calquera que sexa a forma de instrumentación e o seu vencemento.

Igualmente, este capítulo é o destinado para recoller a constitución de depósitos e fianzas que lles sexan esixidas ás Entidades locais.

A clasificación dos activos financeiros poderá desenvolverse por sectores, facendo uso dos subconceptos que procedan.

No que se refire ó organismo Autónomo de Drogodependencias, establécese unha única área de gasto:

31.SANIDADE. 312 HOSPITAIS, SERVICIOS ASISTENCIAIS E CENTROS DE SAÚDE

MEMORIA DE ALCALDÍA ORZAMENTO 2024

O Orzamento Xeral do Concello de Monforte de Lemos para 2024, integrado polo orzamento do propio Concello, e o do Organismo Autónomo de Drogodependencias, preséntase equilibrado e cumpre coa estabilidade orzamentaria. O importe total do Estado de Gastos do Orzamento Xeral para 2024 en termos consolidados é 16.386.335,94 euros, tanto en gastos coma en ingresos. E se elaboran tendo en conta o Marco Orzamentario para os exercicios 2024-2025-2026 dado que estes enmarcan a elaboración dos orzamentos anuais debendo garantir unha programación orzamentaria coherente cós obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública e tendo en conta os datos das Liñas Fundamentais do Orzamento para 2024 aprobadas por Resolución da Alcaldía de data 05.09.2023, en cumprimento do disposto na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, todo isto tendo en conta a vixente suspensión das regras fiscais.

CSV: 07E7000CEBA800H9Z4F5V7U4I6



DOCUMENTO
FIRMADO
DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E7000CEBA800H9Z4F5V7U4I6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

GLORIA MARIA PRADA RODRIGUEZ-P.D Decreto de 21.06.2023- A 1ª Tenente de Alcalde - 17/11/2023
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/11/2023 11:04:40

DOCUMENTO: 20230846760

Fecha: 17/11/2023

Hora: 11:04



En canto as previsións de ingresos correntes (capítulos I ó V do estado de ingresos), estímase tomando como base o acordo inicial do Pleno municipal relativo a aprobación das Ordenanzas Fiscais reguladoras das Taxas e Prezos públicos municipais para o exercicio 2024 e modificacións aprobadas posteriormente, así como atendendo á evolución da recadación nos últimos exercicios.

Faise a seguinte análise:

- a) Imposto sobre bens inmuebles de natureza rústica e urbana: Tomáronse coma base os padróns do exercicio 2023, tivéronse en conta posibles anulacións e liquidacións por altas, e a revisión catastral prevista para dar de alta inmuebles que non constan ó día de hoxe no catastro.
O importe previsto para o IBI de natureza urbana calculado sobre as premisas anteriores é de 4.190.000,00 €.
A previsión do IBI de rústica é de 60.000,00 €.
- b) En canto ó Imposto sobre Bens Inmuebles de características especiais, consígnase un importe de 33.475,79 €, coincidente co importe dos dereitos recoñecidos netos do exercicio 2023.
- c) Imposto de Vehículos de Tracción mecánica tómase como base o padrón do exercicio 2023, así coma posibles altas e baixas, polo que se estiman uns dereitos recoñecidos netos para o exercicio 2024 por importe de 926.000,00 €.
- d) Imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana, establécese unha previsión de 500.000,00€, respondendo o volume de expedientes pendentes de tramitar no departamento de rendas (dos exercicios 2022 e 2023) a previsión de dereitos recoñecidos netos para 2024 mantense en 500.000,00€..
- e) Imposto sobre actividades empresariais: consígnase dotacións atendendo a evolución de exercicios anteriores e tendo en conta as cotas provinciais e nacionais que ingresan o Ministerio de Facenda e ós procedementos de inspección que se prevé realizar no exercicio, o que supón previsións por importe de 265.000,00 €.
- f) En canto ó imposto sobre construcións, instalacións e obras, mantense a previsión en base ó acontecido no exercicio 2023 á modificación prevista na ordenanza do imposto, e a procedementos de inspección a realizar no exercicio, polo que as previsións iniciais do orzamento municipal para o exercicio 2024 quedan fixadas en 550.000,00€.
- g) No que se refire ás taxas, nas previsións iniciais con carácter xeral actualizáronse as taxas prestación de servizos e ocupación de dominio público local e os prezos públicos pola prestación de servizos. Os datos que constan no orzamento coma previsións iniciais se obteñen da evolución dos exercicios anteriores.
- h) En canto a participación en tributos do estado, neste caso as previsións realizáronse tendo en conta a información do Ministerio, e as liquidacións previstas definitivas de anos anteriores.
- i) En canto a participación no Fondo de Cooperación da Xunta de Galicia, as previsións realizáronse nos mesmos termos que para 2023 e a posible subida anunciada, tendo en conta as liquidacións previstas definitivas de anos anteriores previstas.
- j) En canto ó resto do capítulo IV unicamente se recolle nas previsións iniciais as subvencións da Xunta de Galicia correspondentes o Plan Concertado e o CIM e a subvención para o servizo de drogodependencias, así como as correspondentes a compromisos da Deputación Provincial.
- k) En canto ós ingresos patrimoniais, están formados pola ocupación de inmuebles, concesións administrativas nos cemiterios municipais, así como o canon de explotación anual que se prevé liquidar a empresa concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento que se prevé en 29.750,00€.
- l) En canto ás operacións de crédito previstas no Orzamento: No exercicio prevese a concertación de operación para a financiación de actuacións de investimentos e transferencias de capital, por importe de 750.000,00 €.

ESTADO DE GASTOS:

O estado de gastos ascende para 2024 a 16.386.335,94 €, mantendo os servizos públicos básicos, sen prescindir de ningún dos servizos que ata agora se veñen prestando.



O capítulo I gastos de persoal recolle as consignacións orzamentarias necesarias para facer fronte as retribucións, custos de seguridade social e fondo social do conxunto de todo o persoal funcionario e laboral ó servizo do concello. O 31 de outubro de 2022, aprobouse inicialmente a Relación de Postos de Traballo do persoal do Concello de Monforte de Lemos e do Organismo autónomo de drogodependencias, mediante proposta de alcaldía, que no seu punto terceiro determinaba que: *“Os incrementos retributivos que se produzan, como consecuencia da valoración dos postos de traballo, sexan aplicados en tres exercicios orzamentarios, a saber, Orzamento 2023 (34%), Orzamento 2024 (33%) e Orzamento 2025 (33%).”* A aprobación definitiva da Relación de Postos de Traballo do persoal do Concello de Monforte de Lemos e do Organismo autónomo de drogodependencias consta no acordo do Pleno de data 26/12/2023, publicada no BOP de Lugo nº 298, do 30/12/2022, así como, a corrección de erros da mesma aprobada na sesión do Pleno de 30/01/2023 e publicada no BOP de Lugo nº 82 de 12/04/2024

Na actualidade non existe Proxecto de Orzamentos Xerais do Estado para 2024, prevese un incremento do 2,5%, nos termos acordados na RPT, en base o acordo publicado: <https://www.lamoncloa.gob.es/serviciosdeprensa/notasprensa/hacienda/paginas/2022/191022-acuerdo-empleados-publicos.aspx>. : *“En 2024, a subida será do 2% sobre a base das retribucións xa incrementadas o ano anterior. A esta pode engadirse outro 0,5% adicional no caso de que o IPC entre 2022 e 2024 fose superior ás alzas acumuladas nese período. O mesmo tería efectos dende o 1 de xaneiro de 2024”*, sempre supeditada a aprobación definitiva do Proxecto de Orzamentos Xerais do Estado para 2024 e as súas posibles modificacións.

No capítulo II recóllese a consignación necesaria para funcionamento das distintas áreas municipais, dos servizos públicos de competencia municipal, atendendo as necesidades veciñais e para o mantemento das infraestruturas e edificios de titularidade municipal. Dentro deste capítulo destaca pola súa importancia, a área de Servizos Sociais Primarios. Así mesmo destaca o servizo de recollida e tratamento de residuos.

No capítulo III contéplanse as dotacións orzamentarias necesarias para facer fronte ó pago de xuros que poidan corresponder por obrigas con terceiros e a comisións por servizos financeiros e os derivados da operación de crédito concertada.

No gasto do capítulo IV, prevese as subvencións nominativas e de concorrencia competitiva as actividades que se desenvolvan no exercicio 2024. Mantense a contía correspondente a aqueles convenios e liñas de concorrencia competitiva que mellor contribúen ó fomento das actividades culturais e deportivas e que constitúen un complemento á actividade municipal, promocionando desta forma a cultura, o comercio e o deporte para que cheguen ó maior número de poboación.

Dentro do capítulo de inversións VI prevese actuacións realizadas con fondos propios e proxectos financiados coa operación de crédito prevista inicialmente.

No capítulo VII contéplanse as aportacións municipais ó Convenio con AquaNorte para a construción da nova ETAP, a aportación correspondente ó exercicio 2024 do convenio coa Confederación Hidrográfica do Miño-Sil para a financiación, execución e entrega das actuacións de mellora do saneamento e depuración do Polígono Industrial do Reboredo, e o Convenio co Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e a Deputación de Lugo para a realización de novo vial de conexión entre a N-120A e a N-120 e mellora da seguridade viaria.

A continuación analízase cada un dos capítulos explicando as variacións que experimentan respecto ó exercicio anterior:

Capítulo I: En canto ós gastos de persoal as previsións orzamentarias para o exercicio 2027 prevese un tipo de incremento en termos homoxéneos con respecto das vixentes a 31/12/ 2023 (9,85%) a expensas do que ditamine a lexislación de aplicación oportuna. O Importe deste capítulo ascende a 5.202.085,35 € para o Concello e a 313.273,41€ para o Organismo Autónomo de Drogodependencias.

Así mesmo de conformidade co establecido no artigo 103 bis da Lei 7 de 1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, deberase facer público o acordo adoptado, no seu caso, polo Pleno do Concello polo que se aproba a masa salarial do persoal laboral para 2024 do Concello de Monforte de Lemos, que queda fixada en 1.469.122,74 € e para o Instituto Municipal de Drogodependencias en 237.507,29 €.

No exercicio 2024 conforme a LPXE vixente a incorporación de novo persoal será a que se derive da execución de procesos selectivos correspondentes a Ofertas de Emprego Público de exercicios anteriores e a prazas vacantes para os sectores nos que se autoriza a taxa de reposición de efectivos correspondente e sempre que se cumpran os requisitos que a propia LPXE esixe.

En canto a contratación de persoal temporal durante o exercicio 2024, consignase crédito orzamentario para atender a contratacións temporais derivadas de programas temporais propios e cofinanciados, por importe 33.189,47€.

CSV: 07E7000CEBA800H9Z4F5V7U4I6



DOCUMENTO
DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E7000CEBA800H9Z4F5V7U4I6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

GLORIA MARIA PRADA RODRIGUEZ-P.D. Decreto de 21.06.2023- A 1ª Tenente de Alcalde - 17/11/2023
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/11/2023 11:04:40

DOCUMENTO: 20230846760
Fecha: 17/11/2023
Hora: 11:04



No capítulo II consígnanse cantidades suficientes por compras de bens e servizos, a cuxos efectos se revisaron cantos contratos ten vixentes a corporación. E por razón dos gastos de funcionamento dos servizos, consígnanse cantidades que, en principio, prevense suficientes para a atención da totalidade dos servizos que a corporación presta. O capítulo II ascende a 8.898.094,31 € o que supón un 3,19% máis ca o consignado no orzamento 2023.

En canto ós Capítulos III e IX, e tendo en conta que no exercicio se prevé a concertación dunha operación de préstamo, inclúense xuros de demora e gastos financeiros e os xuros da operación concertada en exercicios anteriores.

O Capítulo IV referido as transferencias correntes recolle subvencións tanto en réxime de concorrencia como nominativas, e demais transferencias que se detallan no anexo de subvencións, incluíndo a aportación o organismo autónomo de Drogodependencias que ascende a 337.573,41 €, o importe do Capítulo ascende a a 1.185.076,58 €.

No Capítulo VI e VII inclúense aquelas actuacións destinadas a creación e reposición de infraestruturas, adquisición de bens de natureza inventariable, así como a aportación a AQUAES para a construción da nova ETAP, a aportación correspondente ó exercicio 2024 do convenio coa Confederación Hidrográfica do Miño-Sil para a financiación, execución e entrega das actuacións de mellora do saneamento e depuración do Polígono Industrial do Reboredo, e o Convenio co Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e a Deputación de Lugo para a realización de novo vial de conexión entre a N-120A e a N-120 e mellora da seguridade viaria

	CAPÍTULO 6	CAPÍTULO 7
PROXECTO ORZAMENTO 2024	735.530,60	278.549,10
ORZAMENTO 2023	610.000,00	15.099,18
IMPORTE VARIACIÓN 2024 – 2023	125.530,60	263.449,92

No Capítulo VIII, consígnase o importe para facer fronte os gastos de anticipos de persoal, na mesma contía que no exercicio anterior.

En canto ó orzamento do Organismo Autónomo o orzamento é o que a continuación se detalla:

PROXECTO DE ORZAMENTO DO INSTITUTO MUNICIPAL DE DROGODEPENDENCIAS 2024:

CLA. FUNCIONAL	CLA. ECONOMICA	DESCRIPCION CLASIFICACION FUNCIONAL / APLICACIÓN	DROGODEPENDENCIAS 2024		
			GASTOS		
312	13100	PERSONAL LABORAL EVENTUAL	237507,29	313.573,41	
312	16000	SEGURIDADE SOCIAL	75766,12		
312	16200	FORMACIÓN	300		
312	21200	MANTEMENTO EDIFICIO	600,00	24.000,00	
312	21300	MANTEMENTO INSTALACIONES (ALARMA)	600,00		
312	21600	FOTOCOPIADORA	900,00		
312	22000	MATERIAL DE OFICINA ORDINARIO NON INVENTARIABLE	300,00		
312	22002	MAT INFORMÁTICO	500,00		
312	22100	SUMINISTROS ENERXIA ELECTRICA	6.000,00		
312	22104	VESTIARIO	500,00		
312	22111	SUMINISTROS DE DIVERSO MATERIAL	500,00		
312	22200	COMUNICACIONES TELEFONICAS	3.000,00		
312	22699	GASTOS DE ACTIVIDADES DIVERSAS	1.200,00		
312	22700	LIMPEZA E ASEO	9.000,00		
312	23020	DIETAS	200,00		
312	23120	LOCOMOCIÓN	700,00		
			337.573,41		337.573,41

CSV: 07E7000CEBA800H9Z4F5V7U4I6





		INGRESOS
40000	TRATAMENTO	216.134,12
40000	APORT CONCELLO	121.439,29
		337.573,41

Monforte de Lemos, na data da sinatura dixital

O ALCALDE, José Tomé Roca

P.D. Decreto de data 21.06.2023

A PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE, Gloria María Prada Rodríguez

CSV: 07E7000CEBA800H9Z4F5V7U4I6



FIRMANTE - FECHA



BASES PARA A EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS E INSTITUTO MUNICIPAL DE DROGODEPENDENCIAS. EXERCICIO 2024.

ÍNDICE:

TITULO I. NORMAS XERAIS

CAPITULO ÚNICO.

- BASE 1ª.- ORZAMENTO XERAL.
- BASE 2ª.- VIXENCIA, PUBLICACIÓN, EFICACIA E PUBLICIDADE.
- BASE 3ª.- ESTRUCTURA E APLICACIÓN ORZAMENTARIA.
- BASE 4ª.- ESPECIALIDADE DOS CRÉDITOS. VINCULACIÓN XURÍDICA.

TITULO II. DAS MODIFICACIÓNS ORZAMENTARIAS

CAPITULO 1º.- NORMAS XERAIS.

- BASE 5ª.- ACTUACIÓNS PREVIAS.
- BASE 6ª.- MODIFICACIÓNS ORZAMENTARIAS: MODALIDADES.

CAPITULO 2º.- MODIFICACIÓNS DE PROCEDEMENTO ORDINARIO

- BASE 7ª.- PROCEDEMENTO ORDINARIO.
- BASE 8ª.- CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS E SUPLEMENTOS DE CRÉDITO.
- BASE 9ª.- TRANSFERENCIAS ENTRE DISTINTAS ÁREAS DE GASTO.

CAPÍTULO 3º.- MODIFICACIÓNS DE PROCEDEMENTO SIMPLIFICADO.

- BASE 10ª.- PROCEDEMENTO SIMPLIFICADO.
- BASE 11ª.- CRÉDITOS AMPLIABLES.
- BASE 12ª.- TRANSFERENCIAS SIMPLIFICADAS DE CRÉDITO.
- BASE 13ª.- XERACIÓN DE CRÉDITOS.
- BASE 14ª.- INCORPORACIÓN DE REMANENTES DE CRÉDITO.

CAPITULO 4º: BAIXAS POR ANULACIÓN

- BASE 15ª.- BAIXAS POR ANULACIÓN.

TÍTULO III.- DOS CRÉDITOS DO ESTADO DE GASTOS.

CAPITULO 1º.- CRÉDITOS E FASES DOS GASTOS

- BASE 16ª.- LÍMITES QUE AFECTAN ÓS CRÉDITOS. SITUACIÓNS:
- BASE 17ª.- FASES DA XESTIÓN DE GASTOS.
- BASE 18ª.- ACUMULACIÓN DE FASES.
- BASE 19ª.- AUTORIZACIÓN E DISPOSICIÓN DE GASTOS.
- BASE 20ª.- RECOÑECIMENTO E LIQUIDACIÓN DE OBRIGACIÓNS.
- BASE 21ª.- FACTURA ELECTRÓNICA.
- BASE 22ª.- DOCUMENTOS SUFICIENTES PARA O RECOÑECIMENTO DA OBRIGACIÓN.
- BASE 23ª.- ORDEACIÓN DE PAGOS.
- BASE 24ª.- ORDES DE PAGO A XUSTIFICAR.
- BASE 25ª.- ANTICIPOS DE CAIXA FIXA.

CAPITULO 2º.- PROCEDEMENTO A SEGUIR PARA DETERMINADOS GASTOS

- BASE 26ª.- RETRIBUCIÓNS E INDEMNIZACIÓNS POR ASISTENCIA A SESIÓNS DE ALTOS CARGOS E GRUPOS POLÍTICOS.
- BASE 27ª.- INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DO SERVIZO DE ALTOS CARGOS E PERSOAL MUNICIPAL.
- BASE 28ª.- RETRIBUCIÓNS DO PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL.
- BASE 29ª.- APORTACIÓNS TRANSFERENCIAS A ORGANISMOS PÚBLICOS OU PRIVADOS.
- BASE 30ª.- SUBVENCÍONS.
- BASE 31ª.- SUBVENCÍONS NOMINATIVAS E EN RÉXIME DE CONCORRENCIA PARA O EXERCICIO 2023.
- BASE 32ª.- GASTOS DE INVESTIMENTO.



CAPÍTULO 3º.- GASTOS MENORES.

BASE 33ª.- GASTOS MENORES.

BASE 34ª.- GASTOS PLURIANUAIS.

TITULO IV.- FUNCIÓN FISCALIZADORA.

CAPITULO ÚNICO.

BASE 35ª.- EJERCICIO DA FUNCIÓN FISCALIZADORA.

BASE 36ª.- NORMAS PARTICULARES DE FISCALIZACIÓN.

TÍTULO V.- DA TESOURERÍA

CAPITULO ÚNICO.

BASE 37ª.- DA TESOURERÍA.

BASE 38ª.- ORDENACIÓN DE PAGOS

BASE 39ª.- APRAZAMENTO E FRACCIONAMENTO DE DÉBEDAS

TÍTULO VI.- DA CONTABILIDADE.

CAPITULO ÚNICO.

BASE 40ª.- TIPOS E CONTABILIZACIÓN.

BASE 41ª.- RECOÑECIMENTO DE DEREITOS: CONTABILIZACIÓN.

BASE 42ª.- CONTABILIZACIÓN DOS COBROS.

BASE 43ª.- DAS FIANZAS E DEPÓSITOS RECIBIDOS.

BASE 44ª.- DEVOLUCIÓN DE INGRESOS INDEBIDOS.

BASE 45ª.- LIQUIDACIÓN E PECHE DO EJERCICIO

BASE 46ª.- REMANENTE DE TESOURERÍA

BASE 47ª.- PROCEDIMENTOS DE REGULARIZACIÓN OU AXUSTES CONTABLES.

BASE 48ª.- CONTABILIDADE E CRITERIOS PARA A DOTACIÓN DE AMORTIZACIÓNS.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

DISPOSICIÓN FINAL

TITULO I. NORMAS XERAIS

BASE 1ª.- ORZAMENTO XERAL.

1ª.- O Orzamento Xeral do Concello de MONFORTE DE LEMOS para o ano 2024 está integrado polo da Propia Corporación e polo do Instituto Municipal de Drogodependencias, e ascende ás seguintes cantidades:

1. ORZAMENTO DA PROPIA CORPORACIÓN

Estado de Gastos

16.386.335,94 euros.

Estado de Ingresos

16.386.335,94 euros.

2. ORZAMENTO DO INSTITUTO MUNICIPAL DE DROGODEPENDENCIAS

Estado de Gastos

337.573,41 euros.

Estado de Ingresos

337.573,41 euros.

CSV: 07E7000CEBAF00U9R0D8D4U4F7



3. ORZAMENTO XERAL OU CONSOLIDADO

Estado de Gastos

16.386.335,94 euros

Estado de Ingresos

16.386.335,94 euros

O orzamento municipal para 2024 réxese polos principios de estabilidade orzamentaria, sustentabilidade financeira, plurianualidade, transparencia, eficiencia na asignación de recursos, responsabilidade e lealdade institucional, conforme ó disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2ª.- As presentes Bases forman parte do Orzamento Xeral, sendo de obrigado cumprimento tanto polo Concello como polo Instituto Municipal de Drogodependencias.

A aprobación, execución e liquidación do Orzamento, así como o desenvolvemento da xestión e a fiscalización da mesma levaranse a cabo mediante o cumprimento das normas legais regulamentarias e demais disposicións de carácter xeral que regulan a actividade económica da Entidade Local, e subsidiariamente polas presentes bases de Execución, redactadas de conformidade co disposto no artigo 165.1b) do Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, (en adiante TRLRFL), e no artigo 9.1 do Real Decreto 500/90 do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo 1º do título VI da Lei Reguladora das Facendas Locais (en adiante R.D. 500/90).

BASE 2ª.- VIXENCIA, PUBLICACIÓN, EFICACIA E PUBLICIDADE.

1. O Orzamento Xeral e as súas bases teñen vixencia durante un exercicio económico, que coincidirá co ano natural e, no seu caso, durante a prórroga do mesmo. Si ó iniciarse o exercicio económico non tivese entrado en vigor o orzamento correspondente, considerarase automaticamente prorrogado o anterior ata o límite global dos seus créditos iniciais, como máximo, art. 21 R.D. 500/90, por Resolución da Alcaldía, así como os axustes de crédito que correspondan segundo o citado artigo.

A prórroga non afectara ós créditos para gastos correspondentes a servizos ou proxectos de inversión que deban concluír no exercicio anterior ou estean financiados con operacións crediticias e outros ingresos específicos afectados que unicamente fosen a percibirse no 2024.

Aprobado o orzamento deberán efectuarse os axustes necesarios para dar cobertura as operacións realizadas durante a prórroga do mesmo.

A determinación das correspondentes aplicacións orzamentarias do Orzamento do 2024, que non son susceptibles de prórroga por estar comprendidas nalgún dos supostos do parágrafo anterior, será establecida mediante resolución motivada da Presidencia e tras o informe previo da Intervención.

Mentres dure a vixencia desta prórroga poderán aprobarse as modificacións orzamentarias previstas pola Lei. Aprobado o Orzamento, deberán efectuarse os axustes necesarios para dar cobertura ás operacións efectuadas durante a vixencia do Orzamento prorrogado.

2. As dúbidas que poidan xurdir na aplicación das Bases serán resoltas pola Presidencia, previo informe da Secretaría ou da Intervención, segundo proceda.

3. Calquera que sexa a data da súa aprobación definitiva, expresa ou tácita, a súa entrada en vigor verase demorada ata a efectiva publicación no BOP. Definitivamente aprobado o Orzamento e publicado, este entrará en vigor e producirá os seus efectos dende o día 1 de xaneiro de 2024.

4. Dende a aprobación definitiva do Orzamento, manterase unha copia do mesmo e da súa documentación complementaria a disposición do público a efectos informativos. Dita documentación ampliarase coas modificacións orzamentarias definitivamente aprobadas.

BASE 3ª.- ESTRUCTURA E APLICACIÓN ORZAMENTARIA.

1. O Orzamento Xeral axústase na súa estrutura ó disposto na Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades Locais, modificada pola Orde EHA/419/2014, do 14 de marzo.

- Os ingresos clasificaranse atendendo á súa natureza económica e desglosados a nivel de subconcepto, segundo a estrutura da orde Ministerial citada.
- Os gastos clasificaranse por programas e economicamente.

Os créditos para gastos clasificaranse co seguinte detalle:

- a) Por programas: Áreas de gasto, políticas de gasto e grupos de programas.
- b) Económica: Capítulo, Artigo, Concepto e Subconcepto.

2. A aplicación orzamentaria, cuxa expresión cifrada constitúe o crédito orzamentario, vén definida pola conxunción das



clasificacións por programas e económica, e é a unidade sobre a que se efectuará o rexistro contable das operacións de execución de gastos. O control fiscal efectuarase sobre o nivel de vinculación establecido nas presentes bases.

3. Créditos e previsións Iniciais: 16.386.335,94 €

4. Os créditos orzamentados, unha vez aprobado definitivamente e elevado a público, atoparanse en situación de dispoñibles, salvo aqueles créditos que se financien con recursos afectados ata a que se conte co compromiso firme da achega.

BASE 4ª.- ESPECIALIDADE DOS CRÉDITOS. VINCULACIÓN XURÍDICA.

Os créditos para gastos destinaranse exclusivamente á finalidade específica para a cal foran autorizados no Orzamento xeral ou nas súas modificacións debidamente aprobadas. Os créditos autorizados teñen carácter limitativo e vinculante, e non poderán adquirirse compromisos de gastos en contía superior ó importe deles, coa consecuencia da nulidade de pleno dereito dos acordos, resolucións e actos administrativos que infrinxan a expresada limitación, todo isto de conformidade co disposto nos artigos 173.5 do TRLRFL, e 25.2 do Real decreto 500/1990 que o desenvolve.

Para unha mellor xestión do Orzamento de Gastos, considérase necesario establece-la seguinte vinculación dos créditos orzamentarios:

- Para a clasificación por programas: o grupo de programas de gasto (3 ou 4 díxitos).
- Para a clasificación económica: o capítulo (un dígito).

Respecto ós Gastos de Inversión que respondan a Proxectos de Gastos con financiación afectada, o nivel de vinculación xurídica establécese a nivel de aplicación orzamentaria.

Para os efectos oportunos, enténdense abertas nos estados de gastos e ingresos, con consignación inicial cero, tódalas aplicacións orzamentarias que resulten da Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se establece a estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais, modificada pola Orde EHA/419/2014, do 14 de marzo.

TITULO II. DAS MODIFICACIÓNS ORZAMENTARIAS

CAPITULO 1º.- NORMAS XERAIS.

BASE 5ª .- ACTUACIÓNS PREVIAS.

1. Antes de proceder a incoar expediente de calquera modalidade de modificación orzamentaria, verificarase pola Intervención de Fondos que están esgotadas as posibilidades de xestión que permite a vinculación xurídica establecida na base 4ª.

2. Calquera modificación orzamentaria, agás as xeracións e ampliacións de crédito motivadas por subvencións, nas que poderá obviarse este trámite, esixirá proposta, que poderá partir da Alcaldía ou da Concellería de Facenda.

3. As modificacións de crédito aprobadas polo Pleno non serán executivas ata que se cumpra o trámite de publicidade posterior á aprobación definitiva.

As modificacións de crédito aprobadas por Órgano distinto do Pleno serán executivas dende a adopción do acordo de aprobación.

Todo o expediente de modificación será informado antes da adopción da resolución que proceda, pola Intervención de Fondos.

BASE 6ª.- MODIFICACIÓNS ORZAMENTARIAS: MODALIDADES.

1. O Concello de Monforte de Lemos poderá realizar as modificacións nos seus estados de gastos e ingresos que se detallan na presente base. Ó amparo do establecido nos artigos 172 a 182, ambos inclusive, do TRLRFL e nos artigos 34 a 51 do Real Decreto 500/1990, que a desenvolve, as modificacións de crédito que poderán ser realizadas son:

- a) Créditos extraordinarios.
- b) Suplementos de crédito.
- c) Ampliacións de crédito.
- d) Transferencias de crédito.
- e) Xeración de créditos por ingresos.
- f) Incorporación de remanente de crédito.



g) Baixas por anulación.

2. As modificacións orzamentarias serán de dous tipos:

A. Modificacións de tramitación ordinaria

Serán obxecto deste modo de tramitación os seguintes expedientes:

- A1. Créditos extraordinarios.
- A2. Suplementos de crédito.
- A3. Transferencias de crédito, que afecten a aplicacións de distintas áreas de gasto; salvo que afecten a créditos de persoal.
- A4. Baixas por anulación.

B. Modificacións de tramitación simplificada

Serán obxecto deste modo de tramitación os seguintes expedientes:

- B1. Ampliacións de crédito.
- B2. Xeracións de crédito por calquera causa.
- B3. Transferencias de crédito entre a mesma área de gasto.
- B4. Incorporación de Remanentes de Crédito.

3. A contabilidade das operacións de modificación de créditos realizarase conforme ao establecido na Instrución do modelo normal de Contabilidade Local aprobada por Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local. (en adiante Instrución de Contabilidade). Si a operación se financiasse con Remanente Líquido de Tesourería, contabilizarase no concepto de ingresos 870.

CAPITULO 2º.- MODIFICACIÓN DE PROCEDIMIENTO ORDINARIO

BASE 7ª.- PROCEDIMIENTO ORDINARIO.

As modificacións obxecto de procedemento ordinario serán aprobadas inicial e definitivamente polo Concello en Pleno. O procedemento de tramitación e o réxime de exposición pública, publicacións e recursos serán os establecidos no TRLRFL e no RD 500/90, para a tramitación do Orzamento.

BASE 8ª.- CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS E SUPLEMENTOS DE CRÉDITO.

1. Cando se deba realizar un gasto específico e concreto que non poida demorarse ata o exercicio seguinte e non existira crédito a nivel de vinculación xurídica, incoarase expediente de modificación orzamentaria a través do crédito extraordinario. Si existira crédito, pero este fose insuficiente, tramitarase expediente de suplemento de crédito.

2. O expediente de crédito extraordinario ou de suplemento de crédito conterá:

A. Memoria xustificativa suscrita polo Alcalde ou Concelleiro Delegado de Facenda, que precisará:

- a) Tipo de modificación a realizar.
- b) Aplicacións orzamentarias ás que afecta.
- c) Recursos cos que se financia.
- d) Carácter específico e concreto do gasto a realizar e imposibilidade de demoralalo a outros exercicios.
- e) Inexistencia ou insuficiencia de crédito, segundo os casos, referida a nivel de vinculación xurídica.
- f) Medios de financiación que se propoñen, que poderán ser:
 - 1. Remanente de Tesourería para gastos xerais.
 - 2. Novos ou maiores ingresos recadados nalgún concepto do orzamento de ingresos.
 - 3. Con modificacións de crédito procedentes de operacións de crédito para gastos de investimento (capítulos 6 e 7).
 - 4. Mediante baixa dos créditos de aplicacións de gastos non comprometidos porque se estimen reducibles sen perturbación do servizo.

B. Acreditación da existencia de:

- a) Informe de Intervención, o cal será preceptivo para a tramitación da proposta
- b) Informe da Comisión Informativa de Facenda.
- c) Acordo inicial do Pleno.
- d) Exposición pública.
- e) Acordo definitivo, si procede.

3. Os expedientes, previamente informados pola Intervención e aprobados inicialmente polo Pleno do Concello, exponerse ó público durante quince días, podendo os interesados presentar reclamacións. O lugar e a data inicial do cómputo do prazo de exposición ó público se anunciará previamente no BOP. Si durante o citado período non se



presentasen reclamacións, a modificación de crédito quedará definitivamente aprobada e, noutro caso, deberá resolve-lo Pleno no prazo dun mes contado dende a finalización da exposición ó público.

Unha vez definitivamente aprobado o expediente, inserirase no BOP o resumo por capítulos do orzamento municipal de gastos tras dita aprobación, debendo remitirse simultaneamente copia do mesmo á Comunidade Autónoma e ó Ministerio de Economía e Facenda.

4. Cando a causa do expediente fora calamidade pública ou outras de excepcional interese xeral, a modificación orzamentaria será executiva desde a aprobación inicial e, en consecuencia, a partir deste momento poderá aplicarse o gasto.

BASE 9ª.- TRANSFERENCIAS ENTRE DISTINTAS ÁREAS DE GASTO.

Tramitarase esta modificación polo procedemento ordinario, cando razoablemente se prevea a realización dun gasto para o que non exista crédito suficiente a nivel de vinculación xurídica.

O expediente financiarase mediante traspaso do importe total ou parcial dos créditos dispoñibles de aplicacións de distinta área de gasto.

O expediente incoarase por orde da Alcaldía e será elevado ó Pleno para a súa aprobación.

O expediente conterá como mínimo:

- a) Memoria xustificativa.
- b) Informe de Intervención, que como mínimo expresará o cumprimento dos seguintes requisitos:
 - Aplicación ou aplicacións orzamentarias obxecto de incremento ou minoración, e o seu importe.
 - Existencia de crédito suficiente das aplicacións que o ceden e certificado de retención (RC).
 - Cumprimento do preceptuado no artigo 41. do Real Decreto 500/90, as limitacións do presente artigo non afectaran as transferencias de crédito que se refiran a programas imprevistos e funcións non clasificadas nin serán de aplicación cando se trate de transferencias motivadas por reorganizacións administrativas aprobadas polo Pleno.
- c) Acordo do Pleno da Corporación, órgano competente.

CAPÍTULO 3ª.- MODIFICACIÓN DE PROCEDIMENTO SIMPLIFICADO.

BASE 10ª.- PROCEDIMENTO SIMPLIFICADO.

Tódalas modificacións orzamentarias que se tramiten por este procedemento serán aprobadas pola Alcaldía. As resolucións adoptadas serán inmediatamente executivas, sen necesidade de publicidade algunha.

BASE 11ª.- CRÉDITOS AMPLIABLES.

Teñen a consideración de ampliables os créditos relacionados expresamente nas presentes bases.

Os gastos de execución subsidiaria pola administración, en función do recoñecemento ou liquidación de dereitos como consecuencia da tramitación orzamentaria do expediente, os gastos do capítulo 8 de Activos financeiros derivados da concesión de préstamos ó persoal municipal, en función do recoñecemento e liquidación por encima do previsto, dos reintegros de tales préstamos previstos no capítulo 8 de ingresos; os derivados de ingresos por indemnizacións de compañías aseguradoras polos danos causados en mobiliario e equipamento.

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CRÉDITOS INICIAIS	DETALLE	RECURSOS AFECTADOS (Ingresos)	CONCEPTO	PREVISIÓN INICIAL
133.629.00	12.000,00	Reposición sinalización	399.00	Outros Ingresos Diversos (Indemnizacións compañías seguros)	10.000,00
151.629.00	12.000,00	Reposición mobiliario urbano			
1621.629.00	6.000,00	Reposición de colectores			
165.639.00	12.000,00	Reposición alumeadado			
920.626.00	15.000,00	Equipos para procesos de información	399.02	Ingresos por execucións subsidiarias	10.000,00
151.227.06	10.000,00	Gastos de execución subsidiaria (urbanismo)			

CSV: 07E7000CEBAF00U9R0D8D4U4F7



221.831.00	6.000,00	Anticipos ó persoal	831.00	Reintegros de anticipos a persoal	6.000,00
------------	----------	---------------------	--------	-----------------------------------	----------

A ampliación de créditos require expediente no que se acredite o recoñecemento de maiores dereitos e a súa contía, con certificación do gasto ó que están afectados segundo as bases.

O expediente tramitarase previa proposta do servizo competente, especificando os recursos que financian o maior gasto, en todo caso, o recoñecemento en firme dos dereitos que financian o crédito ampliable e que os citados dereitos supoñan maiores recursos sobre os previstos nos conceptos citados, e resolverase mediante Acordo da Alcaldía - Presidencia, órgano competente.

BASE 12ª.- TRANSFERENCIAS SIMPLIFICADAS DE CRÉDITO.

Serán obxecto de procedemento simplificado as transferencias de crédito que afecten a gastos dentro da mesma área de gasto ou a transferencias para gastos de persoal, aínda que estas sexan de distinta área de gasto.

O expediente a tramitar conterà :

- Proposta da Alcaldía ou asumida por esta, sobre aplicacións a incrementar e as que cederán crédito.
- Informe da Intervención que concretará para as aplicacións que cedan crédito a suficiencia do mesmo a nivel de vinculación xurídica e da propia aplicación específica.
- Axuntarse así mesmo certificado de retención para transferencias (RC).
- Acordo da Alcaldía - Presidencia, órgano competente.

BASE 13ª.- XERACIÓN DE CRÉDITOS.

Poderán xerar crédito nos Estados de Gastos do Orzamento Xeral deste Concello os ingresos de natureza non tributaria derivados das seguintes operacións:

1. Aportacións ou compromisos firmes de aportación de persoas físicas ou xurídicas para financiar xunto co Concello de Monforte de Lemos gastos que pola súa natureza estean comprendidos nos fins e obxectivos do Concello.
2. Alleamento de bens.
Nestes dous primeiros casos, será requisito indispensable para que se xere crédito, que se dea o acto formal de compromiso firme de aportación ou recoñecemento do dereito.
3. Prestación de servizos.
4. Reembolsos de préstamos.
Nestes dous últimos supostos, o crédito xerarase no intre do recoñecemento do dereito, se ben, a dispoñibilidade de ditos créditos estará condicionada á súa efectiva recadación.
5. Importes procedentes de reintegros de pagos indebidos de cerrados con cargo ó Orzamento corrente, en canto á reposición de crédito na correlativa aplicación orzamentaria. Estará supeditado á efectividade do cobro do reintegro.
Os expedientes tramitaranse por orde da Alcaldía e unirse ó mesmo informe da Intervención, en que conste:
 - A correlación entre o ingreso e o crédito xerado.
 - Os conceptos de ingreso nos que se producirá un ingreso ou compromiso de ingreso non previsto no orzamento inicial.
 - As aplicacións orzamentarias afectadas no Estado de Gastos ó crédito xerado a consecuencia dos ingresos, o que no seu caso poderá esixir a oportuna comunicación do servizo interesado.
 - Xuntarse ó mesmo o acordo da Alcaldía - Presidencia, órgano competente.

BASE 14ª.- INCORPORACIÓN DE REMANENTES DE CRÉDITO.

1. Incorporaranse con carácter obrigatorio e prioritario tódolos remanentes de crédito do exercicio anterior que respondan a proxectos financiados con ingresos afectados, salvo que se desista, total ou parcialmente, de iniciar ou continuar o gasto ou resulte imposible a súa realización.

A financiación realizarase cos seguintes recursos, por orde de preferencia:

- a) Remanente líquido de Tesourería afectado a gastos con financiación afectada ou maiores ingresos comprometidos e afectados .
- b) Subsidiariamente recorrerase a:
 - Remanente líquido de Tesourería para gastos xerais.
 - Novos e maiores ingresos recadados sobre os totais previstos no orzamento corrente.

Os créditos financiados con recursos afectados non lle serán de aplicación as regras de limitación do número de



exercicios, si ben deberán contar con suficientes recursos financeiros.

2. Poderán incorporarse por un só exercicio e pola contía dos créditos que estean en situación de dispoñibles, os remanentes de crédito procedentes de:

- a) Créditos extraordinarios, suplementos de crédito e transferencias definitivamente aprobados no último trimestre do exercicio anterior. A incorporación será só para a finalidade para a que foron aprobados.
- b) Créditos que cubran compromisos ou disposicións de gastos debidamente adquiridos durante o exercicio anterior.
- c) Créditos por operacións de capital.
- d) Créditos autorizados en función da efectiva recadación dos dereitos afectados.

3. A incorporación de Remanentes a financiar con maiores ingresos comprometidos e afectados, non requirirá a previa aprobación da Liquidación do Orzamento nin a determinación do Remanente de Tesourería. O expediente será aprobado polo Sr. Alcalde - Presidente e esixirá informe previo da Intervención.

No caso de que se produciran alteración na codificacións das clasificacións, con respecto o orzamento anterior, previo informe de Intervención, deberá procederse a actualizar, segundo as novas codificacións os créditos incorporados.

CAPITULO 4º: BAIIXAS POR ANULACIÓN

BASE 15ª.- BAIIXAS POR ANULACIÓN.

1. Cando o Sr. Alcalde estime que o saldo dun crédito é reducible ou anulable sen perturbación no servizo ó que afecte, poderá ordenar a incoación de expediente de baixa por anulación. En dita resolución precisaranse as aplicacións afectadas e a contía do crédito que se pretende anular.

Ditada a resolución e unha vez teña coñecemento da mesma a Intervención, procederase á inmediata retención dos créditos afectados.

2. Poderán dar lugar a unha baixa de créditos:

- a) A financiación do Remanente de Tesourería negativo que resulte da liquidación do exercicio anterior.
- b) Financiación de Créditos extraordinarios e suplementos de crédito.
- c) A execución doutros acordos do Pleno.

3. Para a aprobación de expedientes de baixa por anulación, observaranse os seguintes requisitos:

- a) Iniciación do expediente pola Alcaldía ou polo Pleno.
- b) Informe de Intervención.
- c) Retención dos créditos.
- d) Ditame da Comisión informativa de Facenda.
- e) Acordo do Pleno.

TÍTULO III.- DOS CRÉDITOS DO ESTADO DE GASTOS.

CAPITULO 1º.- CRÉDITOS E FASES DOS GASTOS

BASE 16ª.- LÍMITES QUE AFECTAN ÓS CRÉDITOS. SITUACIÓNS:

1. Os créditos do Estado de Gastos teñen carácter limitativo e vinculante, a nivel da vinculación xurídica establecida na base 4ª das presentes bases, sendo nulos de pleno dereito todos aqueles acordos, resolucións e actos administrativos que infrinxan a limitación anterior (art. 172 e 173 do TRLRFL).

Só poderán contraerse obrigacións derivadas de gastos realizados no exercicio, coas seguintes excepcións:

- a) As que resulten da liquidación de atrasos a favor do persoal que perciba as súas retribucións con cargo ó Orzamento xeral. Para os efectos do artigo 176.2.a) do TRLRFL, se considerarán "atrasos a favor do persoal" os conceptos que enumera o Capítulo III do Título III, da Lei 7/2007, de 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público, as axudas de carácter social de contido económico, e os referidos no artigo 75 de la Lei 7/85 de 2 de abril, de Bases do réxime local (en adiante LBRL).
- b) As derivadas de compromisos de gastos debidamente adquiridos en exercicios anteriores. No suposto previsto no artigo 47.5 do Real decreto 500/1990, requirirase a previa incorporación dos créditos correspondentes.
- c) Gastos derivados de contratos validamente celebrados, de tracto sucesivo e periódicos.



- d) Gastos derivados de resolucións do Xurado de expropiacións, de órganos xudiciais, sancións ou tributos.
- e) As obrigas procedentes de exercicios anteriores a que se refire o artigo 60.2 do Real decreto 500/1990 relativos a recoñecemento extraxudicial de créditos

2. A situación ordinaria dos créditos é a de dispoñibles, non obstante, terase en conta o disposto no artigo 173.6 do TRLRFL.

3. Os créditos pasarán á situación de non dispoñibles por acordo Plenario. Para a súa reposición en dispoñible requirirase novo acordo ou ben o transcurso do prazo fixado polo Pleno, no caso de que a non dispoñibilidade se acordara por tempo determinado.

4. A Intervención procederá a reter crédito ó certificar sobre a existencia de saldo suficiente para a autorización de gasto, ou cando se proceda a tramitar expedientes de transferencia de créditos (RC). A suficiencia do saldo verificarase sobre o nivel de vinculación xurídica. Nos casos de transferencias de créditos, deberá ademais de existir saldo a nivel da aplicación concreta que o cede.

5. As retencións de crédito e a non dispoñibilidade serán obxecto de contabilización conforme a Instrución de Contabilidade.

BASE 17ª.- FASES DA XESTIÓN DE GASTOS.

- 1. A xestión dos créditos incluídos nos estados de gastos do orzamento, realizarase nas seguintes fases:
 - a) Autorización do gasto.
 - b) Disposición ou compromiso do gasto.
 - c) Recoñecemento e liquidación da obrigación.
 - d) Ordenación dos Pagos.

Ditas fases terán o carácter e contido definido nos artigos 54 a 61 do R.D. 500/90.

Con carácter previo procederase á retención de crédito correspondente, con base nas propostas de gasto ou modificacións de crédito.

BASE 18ª.- ACUMULACIÓN DE FASES.

1. De conformidade cos artigos 184.2 do T.R.L.H.L., e os artigos 67 e 68 do R.D. 500/90, poderanse acumular varias fases da xestión de gastos nun só acto administrativo. Entón, poderanse presentar as seguintes fases:

- Retención do crédito, que constituirá, en todo caso, un acto independente (RC).
- Autorización - Disposición (AD).
- Autorización - Disposición - Recoñecemento da Obriga (ADO).

Nestes casos, o órgano que adopte o acordo deberá ter competencia orixinaria, delegada ou desconcentrada para acordar todas e cada unha das fases que naquel se inclúan.

O acto administrativo que acumule dúas ou máis fases producirá os mesmos efectos que si ditas fases se acordasen en actos administrativos separados.

2. Cando para a realización dun gasto, se coñeza a súa contía exacta e o nome do perceptor, poderanse acumular as fases de autorización e disposición tramitándose a través do procedemento abreviado "AD". Poderanse tramitar por este procedemento, entre outros, os seguintes tipos de gasto:

Nómina persoal funcionario e laboral fixo.

Contratos e subvencións anticipadas ou de vixencia plurianual respecto da anualidade orzamentaria e contratos menores.

Gastos de tracto sucesivo cuxo importe é previamente coñecido: arrendamentos, contratos de prestación de servizos, etc.

Gastos financeiros, xuros e cotas de amortización de préstamos, cuxo importe sexa coñecido previamente ao recoñecemento da obriga.

Subvencións correntes e de capital nominativas expresamente recollidas nas Bases de Execución do Orzamento.

3.- Os gastos que polas súas características requiran axilidade na súa tramitación ou aqueles nos que a esixibilidade da obriga poida ser inmediata e a condición de que non estean suxeitos ao proceso de contratación, poderán acumular as fases de autorización, disposición e recoñecemento da obriga tramitándose o documento contable "ADO". Poderanse tramitar por este procedemento, entre outros, os seguintes tipos de gastos:



Anticipos de pagas ao persoal funcionario e laboral.
Outros gastos de acción social.
Asistencia a tribunais de oposicións e órganos colexiados e axudas de custe por comisións de servizo.
Gastos orzamentarios consecuencia de fondos librados co carácter de "a xustificar" ou como "anticipos de caixa fixa".
Gastos de tracto sucesivo tales como subministración de auga, teléfono, enerxía eléctrica, estancias de acollidos en centros alleos e outros cuxo importe se concrete coa facturación periódica.
Todos aqueles gastos do capítulo II e do capítulo VI, no seu caso, da clasificación económica do orzamento, que teñan o carácter de contratos "menores".
Todos aqueles gastos financeiros que debido ás súas características, non pode coñecerse os importes previamente ao recoñecemento da obriga (xuros variables, etc.).
Recoñecemento extraxudicial de crédito

BASE 19ª.- AUTORIZACIÓN E DISPOSICIÓN DE GASTOS.

Con cargo ós créditos de gastos do orzamento xeral, a Autorización e Disposición dos mesmos corresponderá ó seguintes órganos:

- Ó Pleno da Corporación: aqueles gastos en asuntos da súa competencia.
- Ó Ilmo. Sr. Alcalde: aqueles gastos en asuntos da súa competencia.
- Á Xunta de Goberno Local: aqueles gastos que lle sexan delegados, tendo en conta o que dispoñen as presentes bases para supostos específicos.

Por decreto da Alcaldía de 19 de xuño de 2023 delégase na Xunta de Goberno atribucións da Alcaldía, sen prexuízo das delegacións que durante o exercicio se puideran adoptar.

Os documentos contables relativos a autorizacións e disposicións, irán xustificadas por resolución do acordo adoptado.

BASE 20ª.- RECOÑECIMENTO E LIQUIDACIÓN DE OBRIGACIÓNS.

O recoñecemento de obrigas corresponderá ao Pleno municipal ou a Alcaldía, sen prexuízo das delegacións na Xunta de Goberno Local.

A- REGRAS XERAIS.

O recoñecemento e liquidación das obrigas derivadas de prestacións de servizos, da realización de obras ou de subministrados, estará suxeita a seguinte tramitación:

1.- A presentación da correspondente factura polo provedor no Rexistro Xeral de Entrada de documentos ou na Plataforma FACE segundo corresponda pola contía.

A factura deberá cumprir as prescricións previstas no art. 6 do Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o regulamento que regula as obrigas de facturación.

2.- Como trámite previo a súa fiscalización deberá por parte do responsable do servizo ao que corresponda o gasto, darse conformidade á mesma, mediante sinatura sobre a mesma factura ou documento de cargo, da seguinte "Dilixencia: " Prestados os servizos, realizadas as obras ou verificadas as subministracións detalladas na presente factura, conforme con cantidades e prezos. Data..... O receptor. Sinatura.....".

Cando a comprobación do investimento precise de coñecementos técnicos, realizarase mediante certificación expedida polo técnico competente. Tales certificacións, ademais de comprobación do investimento, deberán verificar que a obra, subministración ou servizo se efectuou segundo as condicións técnicas que serviron de base para a adjudicación.

3. Tódolos xustificantes de gasto sen excepción e unha vez contén co conforme previsto no punto anterior, remitiranse á Intervención de Fondos para a súa fiscalización, que se efectuará conforme ós criterios establecidos no TRLRFL e demais normas de aplicación e o disposto nas presentes bases.

4. Cos xustificantes conformes, a Intervención formará unha relación de facturas que elevará ó Órgano competente para a súa aprobación se procedese.

5. O xustificante de obrigas que non sexa conformado segundo o previsto no apartado 2 da presente base, será devolto pola Intervención ao emisor do mesmo, nada máis que sexa remitida polo servizo correspondente á intervención sen que conste dita conformidade.

6. Sen prexuízo do principio de anualidade orzamentaria, tramitaranse como gastos do exercicio por práctica administrativa contable que, imputándose os créditos orzamentarios do orzamento vixente as obrigas correspondentes a facturas de subministro ou servizos de fin do ano anterior que non poidan presentarse antes de fin do dito exercicio e se presentan a principios do seguinte

CSV: 07E7000CEBAF00U9R0D8D4U4F7



7. Cando se trate de recoñecementos extraxudiciais de crédito derivadas de gastos de exercicios anteriores e se acredite a existencia de crédito dispoñible, nas aplicacións correspondentes, ou a nivel de bolsa de vinculación, tramitárase conforme ó previsto na lexislación.

8. Poderán recoñecerse obrigas, dentro das consignacións do orzamento corrente, por aplicación dos preceptos correspondentes da Lei Xeral Orzamentaria, así como os do RD 500/90 de 20 de abril.

B. CESIÓN DE CRÉDITOS

Nas cesións de créditos que poidan efectuar acredores da corporación, seguiranse as normas e trámites establecidos na lexislación vixente sobre contratos do Sector Público e en todo caso, teranse en conta as seguintes normas:

1.-Requisitos necesarios para a efectividade das cesións.

1.1. Terán efectividade fronte ó Concello as cesións de créditos efectuadas polos contratistas, que resultaran adxudicatarios de contratos celebrados coa devandita Administración, cando se cumpran os seguintes requisitos:

- a) A cesión haberá de poñerse en coñecemento do Concello, para o que deberá realizar notificación fidedigna da cesión.
- b) Que o crédito obxecto de cesión non se atope xa en estado de “ordenación de pagos” ou en estado de “aboadado”.

1.2. Non terán efecto fronte ó Concello, polo que non se tomará razón das cesións de crédito relativas a :

a) Expropiacións forzosas.

b) Facturas emitidas por persoas físicas ou xurídicas respecto das cales exista anotación de embargo xudicial ou administrativo, vixente na contabilidade, por importe superior ó crédito que se pretende ceder. Se é o caso de que o importe da orde de embargo sexa inferior ó crédito que se pretende ceder, procederase á “toma de razón” da cesión só na parte do crédito que non fora obxecto de embargo, unha vez practicados os descontos correspondentes ó momento do recoñecemento da obriga, segundo o establecido nos pregos de condicións ou na lexislación vixente.

c) Facturas incluídas en expedientes de recoñecemento de obrigas, nos que se formularan reparos suspensivos polo órgano interventor, conforme ó artigo 216 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

1.3. A cantidade a aboar ó cesionario poderá ser inferior ó importe certificado ou facturado cando no momento do recoñecemento da obriga se practiquen os descontos correspondentes, conforme ó establecido nos pregos de condicións ou na lexislación vixente. Sobre o dito desconto deixarase constancia na toma de razón.

BASE 21ª.- FACTURA ELECTRÓNICA.

De acordo co establecido na Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas en el Sector Público, o concello de Monforte en cumprimento da normativa adhiúse o punto xeral de entrada de facturas do Estado (FACE), o procedemento de tramitación da factura electrónica adecúase no exercicio 2015 ao establecido no artigo 9 e seguintes da citada norma.

Todos os provedores que entregasen bens ou prestado servizos á Administración Pública poderán expedir e remitir factura electrónica. En todo caso, estarán obrigadas ao uso da factura electrónica e á súa presentación a través do punto xeral de entrada que corresponda as entidades seguintes:

- a) Sociedades anónimas;
- b) Sociedades de responsabilidade limitada;
- c) Persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica que carezan de nacionalidade española;
- d) Establecementos permanentes e sucursais de entidades non residentes en territorio español nos termos que establece a normativa tributaria;
- e) Unións temporais de empresas;
- f) Agrupación de interese económico, Agrupación de interese económico europea, Fondo de Pensións, Fondo de capital risco, Fondo de investimentos, Fondo de utilización de activos, Fondo de regularización do mercado hipotecario, Fondo de titulación hipotecaria ou Fondo de garantía de investimentos.

A través das presentes bases quedan excluídos desta obriga de facturación electrónica as facturas cuxo importe sexa inferior ou igual a 5.000,00€.

BASE 22ª.- DOCUMENTOS SUFICIENTES PARA O RECOÑECIMENTO DA OBRIGACIÓN.

1. Para os gastos de persoal, observaranse as seguinte regras:

a) As retribucións básicas e complementarias do persoal funcionario e laboral xustificaranse mediante as nóminas mensuais. As nóminas cerraranse o día 25 de cada mes e as alteracións que se produzan con posterioridade a esta data causarán efecto na nómina do mes seguinte.

As relacións de nóminas serán firmadas polo Sr. Alcalde-Presidente, equivalendo dita firma ó recoñecemento de



que o persoal incluído na mesma prestou os seus servizos.

b) O recoñecemento por horas extras e resto de conceptos de igual ou similar natureza recollidos no convenio e acordo regulador de persoal municipal, esixirá en todo caso a presentación do parte de traballo no que figurará claramente a orde de realización, que subscribirá o Sr. Alcalde ou Concelleiro ordeante do servizo e a conta xustificativa do servizo realizado, na que constarán tódolos detalles que permitan a súa correcta identificación. Esta conta xustificativa deberá conformarse polo ordeante.

c) As gratificacións e produtividade e outras retribucións variables e indemnizacións de natureza social ou doutro xénero: para o pago de produtividade é necesario que exista acordo plenario que estableza os criterios para a súa asignación noutro caso non poderá asignarse.

d) As cotas a Seguridade Social xustificaranse coas correspondentes liquidacións.

e) As matrículas de cursos relacionados coas funcións propias do posto, se abonarán directamente ao Ente convocante salvo casos debidamente xustificadas, e quedando obrigado o traballador municipal a aportar certificación que acredite a asistencia aos mesmos. Será necesaria a orde de realización ou autorización subscribida polo Sr. Alcalde ou Concelleiro ordeante.

f) As axudas de custo ó persoal aboaranse a partires da conta xustificativa do desprazamento realizado ou do servizo prestado, así como as súas causas. A acreditación da Comisión de servizo xustificarse nos documento que para tal fin se subministrarán na Intervención de Fondos e en todo caso deberá quedar acreditado o motivo do desprazamento e que esta ten relación coa actividade municipal.

A xustificación dos gastos farase conforme ó previsto no R.D. 462/2002 de 24 de maio.

As axudas de custo ós membros da corporación aboaranse a partir da conta xustificativa presentada e subscribida polo Concelleiro ou Delegado, debendo quedar acreditado o motivo e que o desprazamento é derivado de asistencia a actos que teñan relación coa actividade municipal.

Os documentos de gastos de axudas de custo ou locomoción, tanto de persoal como de membros da Corporación deberán remitirse á Intervención de Fondos para que se axunte un certificado de existencia de crédito e se leve a cabo a fiscalización e control.

2. Para os gastos correspondentes ó capítulo 2, esixirase a correspondente factura, que deberá cumprir as prescricións previstas no art. 6 do Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o regulamento que regula as obrigas de facturación.

3. Nos gastos financeiros por amortización e intereses de préstamos cargados directamente na conta, o/a Tesoureiro/a municipal dará conformidade e implicará que o cargado se axusta ó correspondente cadro de financiación remitido pola entidade bancaria ou resumes anuais emitidos pola Entidade.

4. Os gastos por premios ou similares, mediante resolución de aprobación dos mesmos polo Alcalde-Presidente ou a Xunta de Goberno Local si fora o caso, ó que se unirá copia da acta do xurado concedente.

5. Os gastos por subvencións coa resolución de xustificación das mesmas.

6. Nos casos de inversión de obras ou servizos, expedirase certificación técnica, que virá acompañada necesariamente de factura. Tales certificacións terán o valor de conforme sinalado no punto 2º da base 20ª, e ademais, implicarán que a obra ou servizo se verifica con arranxo ás condicións técnicas que serviron de base á adxudicación. No suposto de subministro, mediante factura que deberá cumprir os requisitos esixidos polo R.D. 1619/2012, de 30 de novembro.

BASE 23ª.- ORDEACIÓN DE PAGOS.

1. A competencia para ordenar pagos está atribuída ao Sr. Alcalde, salvo acordo de delegación ao respecto.

2. A expedición de ordes de pago someterase ó Plan de disposición de fondos de data de 19 de marzo de 2014 e as modificacións que no seu caso se adopten.

3. Non poderán expedirse ordes de pagamento sen que previamente se acreditara documentalente ante o órgano competente para recoñecer as obrigas, a realización da prestación ou o dereito do acredor, e todo isto de conformidade coas resolucións aprobatorias da autorización e compromiso de gastos.

4. O pagamento material xustificarse pola Tesourería mediante o "Recibín" do perceptor ou orde de transferencia bancaria debidamente dilixenciada pola Entidade financeira, ou a carta de pagamento correspondente nos supostos de compensación ou formalización.

BASE 24ª.- ORDES DE PAGO A XUSTIFICAR.

Non se poderán expedir ordes de pago sen a debida xustificación da obrigación á que a mesma se refira. Non obstante, o art. 190 do TRLRFL prevé que se poderán expedir ordes de pago cuxos documentos non se poidan acompañar no momento da súa expedición que terán o carácter de a xustificar e se aplicarán aos correspondentes créditos orzamentarios.

A contía dos pagos a xustificar que se ordenen non poderán superar os 3.000,00 €. Os perceptores destas ordes de pago



quedarán obrigados a xustificar a aplicación das cantidades percibidas no prazo máximo de tres meses, e suxeitos ao réxime de responsabilidades que establece a normativa vixente.

En ningún caso poderán expedirse novas ordes de pago a xustificar, polos mesmos conceptos orzamentarios, a perceptores que tivesen aínda no seu poder fondos pendentes de xustificación.

A ordes de pago "a xustificar" deberán estar motivadas e se axustarán ás seguintes normas:

1. Deberá acordarse previamente polo órgano competente a Autorización e Disposición dos gastos, poñéndose de manifesto que non se poden acompañar os documentos xustificativos antes da orde de pago.
2. A xustificación das ordes do pago, deberá de realizarse necesariamente no prazo de tres meses dende a súa expedición e, en todo caso, antes de que finalice o período orzamentario.
 - a. A xustificación realizarase á Intervención e as cantidades non xustificadas deberán reintegrarse á Tesourería Municipal.
 - b. De non renderse conta nos prazos sinalados, procederase a instruír o oportuno expediente de alcance contra o que figure como perceptor de ditos fondos.
3. Só se poderán expedir ordes de pago "a xustificar" cando o perceptor non teña outros pagos a xustificar pendentes.
4. A fiscalización dos gastos "a xustificar" realizarase co alcance e procedemento que se especifican nas presentes bases.
5. As aplicacións susceptibles de expedir ordes de pago a xustificar serán as seguintes:
 - a. A aplicación 231.480.00 para facer fronte ó programa de atención a transeúntes, dada a imposibilidade de estar aberto o servizo as 24 horas, e para atencións sociais urxentes (emergencias).
 - b. As aplicacións referidas a axudas de custo e locomocións de todo o persoal ó servizo do Concello.
 - c. As aplicacións referidas a gastos de material de oficina 920.220.00.
 - d. A aplicación 338.226.99 de festexos, para as actuacións das festas que requiran pago adiantado sendo imposible contar coa xustificación do gasto no momento do mesmo. Excepcionalmente nesta aplicación poderase superar o límite previsto anteriormente.
 - e. A aplicación 341.480.02 para Premios da área de deportes.

BASE 25ª.- ANTICIPOS DE CAIXA FIXA.

a) Con este carácter, poderanse efectuar provisións de fondos a favor dos habilitados autorizados co fin de atender os gastos correntes de carácter periódico ou repetitivo.

En particular, poderán atenderse por este procedemento:

- a. Gastos de alugueres previstos no artigo 20 da clasificación económica.
- b. Gastos de reparacións e conservación do artigo 21, da clasificación económica.
- c. Gastos de material non inventariable, transporte e comunicacións do artigo 22, da clasificación económica.
- d. Axudas de custo, gastos de locomoción, inscrición en cursos e outras indemnizacións do artigo 23, da clasificación económica.
- e. Transferencias de emerxencia social do artigo 48, da clasificación económica.

b) O réxime dos anticipos de caixa será o establecido no Real Decreto 500/90, e contabilizarase segundo as regras da Instrución de contabilidade.

3. Será autorizado polo Sr. Alcalde - Presidente e o importe non poderá superar o 50% da consignación da aplicación á que deban de imputarse os gastos. A contía individual dos gastos a satisfacer por estes fondos, non poderá superar os 3.000,00 €. Os pagos realizaranse preferentemente mediante cheque ou transferencia bancaria .

4. Para situar os fondos correspondentes a cada perceptor como anticipo de caixa fixa, procederase á apertura dunha conta corrente nunha entidade bancaria, individualizada por perceptor, co título: "Excmo. Concello de Monforte de Lemos, perceptor XXX, anticipo de caixa fixa", Cando o perceptor é o Tesoureiro ou funcionario da Tesourería municipal, os fondos poderán situarse de forma independente na caixa xeral da Corporación.

Os fondos situados en tales contas terán para todos os efectos carácter de fondos públicos municipais e os seus xuros ingresarase no concepto correspondente do capítulo V do Orzamento Xeral do Concello.

Os perceptores do anticipo poderán dispoñer dos fondos coa súa soa sinatura, unicamente para as finalidades autorizadas, e quedará absolutamente prohibida a utilización persoal dos ditos fondos.

1. A medida que as necesidades de tesourería aconsellen a reposición de fondos, se renderá a conta dando traslado da mesma á Intervención de Fondos para a súa fiscalización.

A fiscalización das contas realizarase co alcance e procedementos establecidos nas presentes bases.

A conta xustificativa se acompañará de todos os xustificantes de gastos realizados. Dita conta irá firmada polo habilitado e acompañada do extracto bancario.

2. As contas aprobaranse polo Ilmo. Sr. Alcalde-Presidente ou Concelleira de Facenda.

3. Unha vez aprobadas as contas, expediranse as ordes de pago para reposición de Fondos, aplicándose ás aplicacións

CSV: 07E7000CEBAF00U9R0D8D4U4F7



que correspondan as cantidades xustificadas.

CAPITULO 2º.- PROCEDEMENTO A SEGUIR PARA DETERMINADOS GASTOS

BASE 26ª.- RETRIBUCIÓNS E INDEMNIZACIÓNS POR ASISTENCIA A SESIÓNS DE ALTOS CARGOS E GRUPOS POLÍTICOS.

De conformidade co establecido no artigo 75 da Lei 7/1985 Reguladora de Bases de Réxime Local, artigo 225 da Lei 5/1197, de Réxime Local de Galicia, os membros electos da Corporación con adicación aprobada polo Pleno, percibirán no exercicio 2024 as seguintes retribucións en 14 pagas mensuais, sen perxuízo das modificacións que legalmente se produzan.

	BRUTO	SS EMPRESA	TOTAL
NIVEL 1	56.280,00	18.713,10	74.993,10
NIVEL 2	41.205,00	13.700,66	54.905,66
NIVEL 2	41.205,00	13.700,66	54.905,66
TOTAL	138.690,00	46.114,43	184.804,43

Os cargos electos deste Concello recibirán as seguintes retribucións e indemnizacións por asistencias a sesións conforme: Asistencia a órganos colexiados e demais órganos de funcionamento do Concello: 150,00 €

As indemnizacións por asistencias a sesións imputaranse a aplicación 912.233.00.

As retribucións dos altos cargos electos que teñan dedicación exclusiva ou parcial aboaranse igualmente con cargo á aplicación 912.100.00.

c) En base o art 73.3 da LRBR que dispón: *“El Pleno de la corporación, con cargo a los Presupuestos anuales de la misma, podrá asignar a los grupos políticos una dotación económica que deberá contar con un componente fijo, idéntico para todos los grupos y otro variable, en función del número de miembros de cada uno de ellos, dentro de los límites que, en su caso, se establezcan con carácter general en las Leyes de Presupuestos Generales del Estado y sin que puedan destinarse al pago de remuneraciones de personal de cualquier tipo al servicio de la corporación o a la adquisición de bienes que puedan constituir activos fijos de carácter patrimonial. Los derechos económicos y políticos de los miembros no adscritos no podrán ser superiores a los que les hubiesen correspondido de permanecer en el grupo de procedencia, y se ejercerán en la forma que determine el reglamento orgánico de cada corporación. Esta previsión no será de aplicación en el caso de candidaturas presentadas como coalición electoral, cuando alguno de los partidos políticos que la integren decida abandonarla. Los grupos políticos deberán llevar con una contabilidad específica de la dotación a que se refiere el párrafo segundo de este apartado 3, que pondrán a disposición del Pleno de la Corporación, siempre que éste lo pida.”*, consignase a dotación económica para ós grupos políticos municipais, polo importe resultante de aplicar por cada Concelleiro 100,00 €/mes e por cada voceiro 500,00 €/mes, con cargo a aplicación 912.480.00 do Orzamento da Propia Corporación. Os grupos políticos levarán unha contabilidade específica da dotación económica asignada polo Pleno da Corporación, con cargo ós orzamentos anuais desta, na que se reflectirá a situación e xestión económica nos libros e rexistros adecuados, co fin de que en todo momento poida darse razón das operacións realizadas. En ningún caso esta dotación económica podrá destinarse ao pago de remuneracións de personal de calquer tipo ao servizo da corporación ou á adquisición de bens que poidan constituir activos fixos de carácter patrimonial. Os grupos políticos poñerán a disposición do Pleno da Corporación a contabilidade da asignación por este concepto, sempre que este llo pida.

BASE 27ª.- INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DO SERVIZO DE ALTOS CARGOS E PERSOAL MUNICIPAL.

a) Cando os membros da Corporación viaxen en comisións de servizo debidamente autorizadas, serán indemnizados cando o fagan en vehículo propio a calquera lugar fóra do seu domicilio, a razón de 0,26 euros/Km. Se a viaxe se efectuase doutro xeito, polo importe xustificado na clase autorizada.

As axudas de custo por estas comisións de servizo regularanse na súa percepción de acordo coas normas do Real decreto 462/2002, do 24 de maio (ou normativa de aplicación actualizada), corresponde á categoría de grupo primeiro as axudas de custo de altos cargos, se ben os membros corporativos poderán optar pola modalidade de xustificación de todos os gastos ocasionados, cos oportunos xustificantes e rendición de contas debidamente tramitadas e aprobadas polo órgano competente e, polo tanto, sendo indemnizados polos gastos efectivamente realizados.

CSV: 07E7000CEBAF00U9R0D8D4U4F7



As contas de indemnización por razón do servizo renderanse no modelo habilitado para o efecto e xustificaranse na mesma forma que as rendidas polos funcionarios da Corporación, tras a proposta previa e os informes sinalados no proceso de ordenación de gastos:

1. Por aloxamento e gastos de viaxe en medios de transporte público: abonase o importe realmente gastado e xustificado ata o importe máximo do RD 462/2002.
2. Por gastos de manutención abonaranse a contías do RD 462/2002.

b) O réxime de indemnizacións a persoal municipal por viaxes por razón do servizo será o previsto no Real decreto 462/2002, do 24 de maio (ou normativa de aplicación actualizada).

O importe das axudas de custo será o sinalado nos anexos 2 e 3 do citado real decreto, ou o que se determine nas revisións periódicas que acorde o Consello de Ministros e se publiquen no Boletín Oficial do Estado, conforme á disposición final cuarta do expresado real decreto, ou o que se acode entre os Ministerios de Facenda e Administracións Públicas conxuntamente, con carácter excepcional para determinadas épocas e cidades do territorio nacional, previa xustificación nos seguintes termos:

1. Por aloxamento e gastos de viaxe en medios de transporte público: abonase o importe realmente gastado e xustificado ata o importe máximo do RD 462/2002.
2. Por gastos de manutención abonaranse a contías do RD 462/2002 segundo a categoría

Dentro do territorio nacional, os empregados municipais percibirán as seguintes por día en tanto estas asignacións non sexan modificadas por preceptos de carácter xeral:

	Aloxamento	Manutención	Axuda de custo enteira
(Grupo Primeiro)	102,56	53,34	155,90
(Grupos A e B)	65,97	37,40	103,37
(Grupo C)	48,92	28,21	77,13
(Grupos D e E)	48,92	28,21	77,13

Nas comisións cunha duración que sexa igual ou inferior a un día natural, non se percibirán gastos de aloxamento nin de manutención, salvo cando tendo a comisión unha duración mínima de cinco horas, esta se inicie antes das 14:00 horas e finalice despois das 16:00 horas, suposto no que se percibirá o 50% do importe da axuda de custo por manutención.

Cando as comisións teñan unha duración igual ou menor de 24 horas, pero abrangan parte de dous días naturais, percibiranse indemnizacións por gastos de aloxamento correspondentes a un só día e os de manutención nas condicións fixadas no parágrafo seguinte para os días de saída e regreso.

No día de saída percibiranse gastos de aloxamento, pero non de manutención, se a saída é posterior ás 22:00 horas. Se a saída é anterior ás 14:00 horas, percibirase o 100% dos ditos gastos, e se é entre as 14:00 e as 22:00 horas percibirase o 50 % deles.

No día de regreso non se percibirán gastos de aloxamento. En canto ós de manutención. Só se percibirá o 50 % deles, sempre que a hora de chegada sexa posterior ás 14:00 horas.

Nos casos excepcionais, dentro dos supostos a que se refiren os parágrafos anteriores, nos que a hora de regreso da comisión de servizo sexa posterior ás vinte e dúas horas, e por iso obrigue a realizar a cea fóra da residencia habitual, farase constar na orde de comisións, e aboaranse adicionalmente o importe, nun 50% da correspondente axuda de custo de manutención, tras a xustificación con factura ou recibo do correspondente establecemento.

Os gastos de viaxe, mesmo no termo municipal, fóra de Monforte de Lemos percibiranse da forma seguinte:

- a) Gastos de viaxe, polo seu importe coñecido, na clase autorizada.
- b) Si se utiliza vehículo propio, a razón de 0,26 euros/ Km para automóviles, e 0,106 euros/Km para motocicletas.

BASE 28ª.- RETRIBUCIÓN DO PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL.

Persoal Funcionario:

O 31 de outubro de 2022, aprobouse inicialmente a Relación de Postos de Traballo do persoal do Concello de Monforte



de Lemos e do Organismo autónomo de drodependencias, mediante proposta de alcaldía , que no seu punto terceiro determinaba que: “ Os incrementos retributivos que se produzan, como consecuencia da valoración dos postos de traballo, sexan aplicados en tres exercicios orzamentarios, a saber, Orzamento 2023 (34%), Orzamento 2024 (33%) e Orzamento 2025 (33%). A aprobación definitiva da Relación de Postos de Traballo do persoal do Concello de Monforte de Lemos e do Organismo autónomo de drodependencias consta no acordo do Pleno de data 26/12/2023, publicada no BOP de Lugo nº 298, do 30/12/2022, así como, a corrección de erros da mesma aprobada na sesión do Pleno de 30/01/2023 e publicada no BOP de Lugo nº 82 de 12/04/2024.

Na actualidade non existe Proxecto de Orzamentos Xerais do Estado para 2024, prevese un incremento do 2,5%, nos termos acordados na RPT, en base o acordo publicado: [rehttps://www.lamoncloa.gob.es/serviciosdeprensa/notasprensa/hacienda/paginas/2022/191022-acuerdo-empleados-publicos.aspx](https://www.lamoncloa.gob.es/serviciosdeprensa/notasprensa/hacienda/paginas/2022/191022-acuerdo-empleados-publicos.aspx). : “En 2024, a subida será do 2% sobre a base das retribucións xa incrementadas o ano anterior. A esta pode engadirse outro 0,5% adicional no caso de que o IPC entre 2022 e 2024 fose superior ás alzas acumuladas nese período. O mesmo tería efectos dende o 1 de xaneiro de 2024”, sempre supeditada a aprobación definitiva do Proxecto de Orzamentos Xerais do Estado para 2024 e as súas posibles modificacións.

Persoal laboral:

Con efectos 1 de xaneiro de 2024 a masa salarial do persoal laboral, prevese un incremento do 9,85% para 2024 sobre as vixentes a 31/12/2023, tendo en conta o previsto na RPT, e sen prexuízo das posibles variacións que a lexislación estipule.

As retribucións do persoal laboral adecúanse ó Convenio colectivo aprobado, asimilándose o persoal funcionario nos termos previstos no mesmo.

A masa salarial do persoal laboral será aprobada polo Pleno da Corporación, e queda fixada para o exercicio 2024 en 1.469.122,74€ e para o Instituto Municipal de Drogodependencias en 237.507,29 €. Na masa salarial do persoal laboral se inclúen os gastos de acción social, se fai a dotación conforme ao disposto no Convenio Colectivo.

Establecese unha consignación global de 51.000€, para o abono das gratificacións e horas extras por servizos extraordinarios realizados fora da xornada laboral tanto do persoal laboral como funcionario.

En canto a distribución individualizada do complemento de produtividade corresponderalle ao Alcalde, a proposta da Concelleira delegada de Persoal, establecendo con carácter xeral como criterios de repartición o especial rendemento, a actividade extraordinaria, a carga de traballo non propia e o interese ou a iniciativa co que o persoal desempeñe no seu posto de traballo; en base a circunstancias obxectivas relacionadas co posto de traballo.

Dentro do Cadro de persoal unido ó orzamento figura o número e características do persoal eventual para o exercicio 2024, dotada de retribucións asimilables a un posto da categoría de Administrativo, o que deberá ser autorizado polo Pleno municipal.

Anticipos reintegrables:

En canto os anticipos reintegrables de persoal, para a concesión do anticipo deberase presentar solicitude na que se xustifique as “urxentes necesidades”, no se terán en conta aquelas solicitudes xenéricas, que non se refiran a causas concretas que xustifiquen tal urxencia, tendo en conta que o anticipo solicitado non poderá exceder de dúas pagas ou mensualidades do haber líquido.

Os anticipos reintegraranse no prazo máximo de 10 ou 14 meses, segundo se trate respectivamente de 1 ou 2 mensualidades.

Non se percibirán novos anticipos ata que se proceda o reintegro total dos percibidos.

A exención ou supresión da relación do servizo con este Concello levará á obriga do reintegro do importe pendente de reembolso nos prazos establecidos e procedemento con carácter xeral para outros ingresos de dereito público. Non se considerará supresión da relación estatutaria ou laboral, permisos, licencias legalmente establecidas e situacións de incapacidade laboral transitoria.

Os anticipos responden ao límite consignado no orzamento sen prexuízo das modificacións orzamentarias que se poidan levar a cabo.



BASE 29ª.- APORTACIÓNS TRANSFERENCIAS A ORGANISMOS PÚBLICOS OU PRIVADOS.

1. Cando o Concello de Monforte de Lemos acorde realizar achegas a organismos públicos ou privados, tramitárase documento "RC" en base ó acordo que para elo se adopte.

Si a Administración receptora é coñecida e a contía da achega é precisa e non condicionada, tramitárase documento "AD" ou "ADO". No suposto da aportación prevista no orzamento a favor do I.M. de Drogodependencias, considerarase compromiso de gasto orixinando documento AD ó inicio do exercicio. O resto da obriga e os pagos realizaranse en función das necesidades do Instituto.

2. Cando o importe da achega requira un acto posterior que concrete a contía, efectuarase unha retención de crédito polo importe estimado.

A) TRANSFERENCIAS CORRENTES

APLICACIÓN	BENEFICIARIO		OBJECTO	APORTACIÓN
	NIF	NOME/RAZON SOCIAL		
161/47200	A26019992	FCC Aqualia S.A.	Subvención de explotación FCC AQUALIA	188.313,16
231/45300	S1500072B	Consortio Galego da Igualdade e Benestar	Mantemento Centro de Día Concello de Monforte	33.000,00
231/45300	S1500072B	Consortio Galego da Igualdade e Benestar	Mantemento Programa Xantar na Casa	7.000,00
312/41000	Q7750007B	Organismo Autónomo de Drogodependencias	Mantemento Centro de Drogodependencias Concello de Monforte de Lemos	337.273,42
324/48000	Q2701015F	UNED	Gastos de Mantemento Centro de Monforte de Lemos	55.000,00
432/46700	G27326131	Consortio de turismo da Ribeira Sacra	Aportación correspondente ó exercicio 2024 e PST	54.750,00
432/48003	G27267624	Fundación dos ferrocarrís de Galicia	Aportación á Fundación	8.000,00
912/48000			Gastos de Funcionamento dos Grupos Políticos (art 73.3 LRBRL)	44.400,00
			TOTAL	727.736,58

B) TRANSFERENCIAS DE CAPITAL

APLICACIÓN	BENEFICIARIO		OBJECTO	APORTACIÓN
	NIF	NOME/RAZON SOCIAL		
161/72109	A74018441	Aguas de la Cuenca del Norte S.A	OBRA: ETAP	15.401,17
160/72109	Q3200109A	Confederación Hidrográfica Miño-Sil	APORTACIÓN O CONVENIO CONCELLO CONFEDERACIÓN HIDROGRAFICA, POLIGONO	201.147,93
1532/78000		Ministerio	CONVENIO N-120	62.000,00
				278.549,10

C) COTAS DISTINTAS ASOCIACIONES FUNDACIONES, E OTRAS ENTIDADES ASOCIATIVAS

APLICACIÓN	BENEFICIARIOS	OBJECTO	APORTACIÓN
912/48001	FEMP, FEGAMP, EIXO ATLÁNTICO, REDE DE XUDERÍAS, FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIDADE, ETC.	Cotas Socio	30.000,00
		TOTAL	30.000,00

BASE 30ª.- SUBVENCIONES.

Entenderase por transferencia e subvención toda disposición de diñeiro ou especie que se outorgue con cargo o orzamento municipal a favor de persoas públicas e privadas sen contraprestación concreta dos beneficiarios, para fomentar unha actividade de utilidade ou interese social ou para promover a consecución dun interese público o u que



en xeral contribúa ó desenvolvemento dos intereses peculiares do municipio.

Non se entenderán como subvencións os premios que se outorguen previa solicitude do interesado pero que se refiran a participación en actuacións ou eventos municipais.

As subvencións municipais outórganse e xestiónanse de conformidade cos principios enumerados no artigo 8.3. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en adiante L.X.S.

Na presente base regúlase o marco que rexe as bases reguladoras das subvencións a conceder polo Concello de Monforte de Lemos, de acordo co disposto no artigo 17.2 da L.X.S.

En todo o non previsto nestas Bases estarase ó disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da LXS, en adiante RLXS, e na lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na ordenanza xeral reguladora das subvencións do Concello de Monforte de Lemos, en adiante OXS, así como nas ordenanzas específicas vixentes ou que se aproben.

As propostas de establecemento de subvencións, deberan estar incluídas no Plan estratéxico de subvencións que será aprobado pola Xunta de Goberno Local, no que se concretan os seus obxectivos e efectos, prazo para a súa consecución, custos previsibles e fontes de financiamento, supeditándose en todo caso ó cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e ós créditos aprobados no Orzamento Xeral.

1. Procedemento Ordinario: Concorrenza competitiva.

O procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrenza competitiva, de acordo coas prescricións contidas ó efecto no artigo 22 e seguintes da L.X.S. As subvencións outórganse en base os principios de concorrenza, publicidade, igualdade e non discriminación e transparencia.

A aprobación das bases que regulen as convocatorias de subvencións corresponderalle a Xunta de Goberno Local de acordo co sistema de delegación de competencias preferentemente dentro do primeiro semestre de cada exercicio económico.

No expediente administrativo incorporarase unha memoria explicativa dos obxectivos que se pretenden conseguir e do importe global da subvención a outorgar. Este documento ha de cumprir coas esixencias de programación previstas no artigo 8 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e os artigos 10 e seguintes do regulamento que a desenvolve (R.D: 887/2006, do 21 de xullo), ou, polo menos, fará referencia aos programas de subvencións aprobados para a mesma finalidade por outras administracións públicas, á compatibilidade ou incompatibilidade da subvención coas outorgadas por outras administracións públicas e ás medidas de coordinación previstas. No informe - proposta da unidade xestora determinarase a denominación, importe máximo a outorgar e a aplicación orzamentaria do correspondente programa.

As bases de convocatoria tamén poderán ser obxecto de aprobación anticipada, nese caso requirirase que o proxecto de orzamento para o exercicio seguinte estea ditaminado favorablemente pola Comisión de Economía e Facenda, supeditándose a eficacia do acto da convocatoria á condición suspensiva da entrada en vigor do Orzamento do exercicio 2024 no que se conteñan os créditos adecuados e suficientes para atender as solicitudes que ao seu amparo se presenten.

De acordo co anterior, non se poderá realizar acto ningún que supoña directa ou indirectamente compromiso de transcendencia orzamentaria en tanto non se cumpra a condición suspensiva citada.

Unha vez aprobadas as bases serán obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia e na páxina de internet do Concello.

As bases de cada convocatoria de subvencións determinarán con claridade:

- 1.- Definición precisa do obxecto da subvención.
- 2.- Requisitos que deberán reunir os beneficiarios para a obtención da subvención, prazo e forma de acreditarlos.
- 3.- Persoas físicas ou xurídicas que poden solicitar as axudas.
- 4.- Forma e prazos de solicitude, con indicación da documentación a achegar polos solicitantes. Cando o obxecto da subvención sexa a realización dunha actividade tamén poderán considerarse como gastos subvencionables aqueles de carácter xeral da entidade (persoal e gastos correntes) que se adscriban directamente á realización da actividade subvencionada. En todo caso os devanditos gastos xerais deben especificarse motivadamente no orzamento subvencionado e deben acreditarse expresamente no trámite de xustificación.



5.- Criterios, debidamente ponderados, a utilizar para a determinación do importe absoluto das subvencións a outorgar a cada solicitante, do coeficiente de financiamento correspondente e do orzamento subvencionado. Avaliarase en todo caso, ou se xustificará de forma motivada a imposibilidade da devandita avaliación, o emprego da lingua galega na realización das actividades ou condutas para as que se solicite a axuda (Art. 20.2 I. da Lei de subvencións de Galicia).

6.- Indicación do servizo ou unidade administrativa que actuará como instrutor do expediente, composición da Comisión Avaliadora, no seu caso, e determinación do órgano competente para resolver.

7.- Resolución das solicitudes. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución de outorgamento ou desestimación das solicitudes non poderá exceder de 6 meses nos termos establecidos nos artigos 25 e 26 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e nos artigos 62 e 63 do seu regulamento.

A dita resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención e deberá conter a relación de solicitantes aos que se concede a subvención, e fará constar, no seu caso, de maneira expresa, a desestimación do resto das solicitudes. En todo caso expresarase o beneficiario, o importe da subvención outorgada, o orzamento subvencionado, o coeficiente de financiamento e a finalidade ou investimento que constitúe o obxectivo concreto da subvención outorgada e demais referencias relevantes.

O vencemento do prazo máximo para resolver sen notificarse a resolución, permitirá aos interesados entender desestimada a solicitude de concesión da subvención por silencio administrativo.

Nas bases de convocatoria expresarase tamén o medio de notificación ou publicación de conformidade co establecido no artigo 59 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

8.- Cando estea prevista o financiamento de obras, regularase a forma en que ha de xustificarse o cumprimento da legalidade vixente en materia de ordenación urbanística, protección do medio e respecto ao patrimonio histórico-artístico, así como a acreditación da propiedade ou dereito real que se teña sobre o ben inmovible e as condicións temporais e materiais de adscrición do ben moble ou inmovible ao fin de interese xeral que motiva a subvención, así como a obrigación da súa inscrición no rexistro público correspondente, facendo constar a dita condición.

9.-. Forma e prazo de realización das actividades ou investimentos, prazo e condicións para acreditar a súa realización mediante a xustificación documental oportuna e consecuencias asociadas ao incumprimento total ou parcial de cada un dos prazos indicados.

Os beneficiarios das subvencións deben utilizar, con carácter xeral, formas de pago a terceiros que poidan acreditarse mediante un documento expedido por entidade financeira no que quede identificado o beneficiario, o importe e a data de pago (cartóns bancarios de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias, cheques, etc.), e só excepcionalmente poderán utilizar o pago en metálico en cuxo gasto no documento deberá constar o selo de pagado.

10.- Forma e requisitos para o pago da subvención.

11.- Infraccións en caso de incumprimento das bases e as súas correspondentes sancións.

12.- O sometemento do beneficiario aos procedementos de control ou auditoría que no seu caso realice o Concello.

13.- Circunstancias que, como consecuencia da alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poderán dar lugar á modificación da Resolución.

14.-Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade.

As bases serán redactadas polos responsables da xestión dos distintos programas orzamentarios e previamente á súa probación serán remitidas á Secretaría Xeral e á Intervención municipal para que emitan os seus preceptivos informes.

A convocatoria poderá tramitarse conxuntamente coas bases.

Igualmente, cando o procedemento de concorrencia competitiva non fora posible ou adecuado, as correspondentes bases, de modo motivado, poderán regular aqueles procedementos nos que se observará unha concorrencia non competitiva.

2. Procedemento de concesión directa.

Poderán ser obxecto de concesión directa aquelas subvencións que se recollan con carácter nominal no orzamento municipal, aquelas nas que o seu outorgamento veña imposto por norma de rango legal, e aquelas outras que, con carácter excepcional, se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

Nas presentes bases de execución do orzamento identifícanse as subvencións de concesión directa, as entidades beneficiarias, as finalidades e actividades para as que se outorga a subvención e os importes a que ascenden.

Para a xustificación na modalidade indicada estarase o establecido no artigo 30 da L.X.S.

Ó abeiro do disposto no artigo 28.1 do citado corpo legal os convenios de colaboración serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos municipais, sempre e cando a súa



complexidade, a adecuada definición das obrigas das entidades beneficiarias e o control das actividades subvencionadas o demande.

O órgano competente para a aprobación das bases reguladoras, outorgamento de subvencións, a aprobación dos convenios de colaboración e das contas xustificativas, é a Xunta de Goberno Local.

Xustificación e control: A xustificación, co alcance e contido recollido nas bases de concesión de subvencións, acompañarase das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, ou as súas fotocopias debidamente compulsadas ante a unidade administrativa do Concello que tramitou o expediente. No suposto de xustificacións con fotocopias debidamente compulsadas, será requisito previo á compulsa, incorporar, no documento orixinal a seguinte dilixencia: "A presente factura foi presentada no Concello de Monforte de Lemos ós efectos de xustificar a subvención".

O control financeiro e a fiscalización das subvencións realizarase pola Intervención Municipal co alcance establecido no título III da LXS, RLXS, LS de Galicia, OXMS e as bases de execución do orzamento. De conformidade co disposto no artigo 44 e seguintes da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a Intervención poderá elaborar anualmente un Plan de control financeiro das subvencións xustificadas e pagas no ano inmediato anterior, que se aprobará na Xunta de Goberno Local co fin de comprobar os seguintes puntos:

- A adecuada e correcta obtención da subvención por parte do beneficiario.
- O cumprimento por parte do beneficiario das súas obrigacións na xestión e aplicación da subvención.
- A adecuada e correcta xustificación da subvención por parte do beneficiario.
- A realidade e a regularidade das operacións que, de acordo coa xustificación presentada por beneficiarios, foron financiadas coa subvención.
- A adecuada e correcto financiamento das actividades subvencionadas, nos termos establecidos no apartado 3 do artigo 19 da Lei 18/2003.
- A existencia de feitos, circunstancias ou situacións non declaradas á administración por beneficiarios e entidades colaboradoras e que puidesen afectar ao financiamento das actividades subvencionadas, á adecuada e correcta obtención, utilización, goce ou xustificación da subvención, así como á realidade e regularidade das operacións con ela financiadas.

31ª.- SUBVENCÍONS NOMINATIVAS E EN RÉXIME DE CONCORRENCIA PARA O EXERCICIO 2024.

A) NOMINATIVAS 2024.

No exercicio 2024 de acordo co recollido no artigo 22.2.a) da Lei Xeral de Subvencións, poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos Orzamentos das entidades locais Con ese fin, propóñense as subvencións nominativas que, no seu caso, serán desenvolvidas a través dos oportunos convenios. Na descricións das mesmas establécese o concepto ó que serán destinadas, os perceptores e os importes máximos que se indican no anexo que acompaña o expediente do proxecto de orzamentos

Todos os expedientes de subvencións que se tramiten de forma nominativa deberán conter:

- Proposta da unidade que motive os intereses de interese público que motivan a subvención e o seu outorgamento, razóns polas que non resulta conveniente a aplicación dos principios de publicidade e concorrencia, os criterios tomados en consideración para determinar o coeficiente de financiación e acreditación de que o beneficiario reúne todas as condicións establecidas para poder obter a subvención proposta.
- Convenio suscrito ó efecto no que constará:
 - Obxecto e finalidade.
 - Orzamento da actividade.
 - Importe da aportación municipal, sobre o total da actividade. Podendo financiarse o total da actividade subvencionada de forma xustificada e razoada. En ningún caso o importe da subvención poderá ser superior o custe da actividade en concorrencia con outras subvencións publicas.
 - Forma e prazo para a realización das actividades, forma e prazo da xustificación, e consecuencia do incumprimento parcial ou total da actividade.
 - Infraccións en caso de incumprimento das Bases e as súas correspondentes sancións.
 - Formas de pago a terceiros que deberá acreditarse mediante documento expedido pola entidade financeira, no que conste o importe e data de pagamento so excepcionalmente caberá o pagamento en metálico en cuxo caso deberá constar na factura acreditativa do gasto o selo de pagado.

CSV: 07E7000CEBAF00U9R0D8D4U4F7



- O sometemento do beneficiario ós procedementos de control ou auditoría que realice este Concello.
 - Corresponden o órgano competente para a concesión neste caso a Xunta de Goberno Local, previo informe dos servizos municipais competentes valorar o cumprimento das actividades subvencionadas.
 - Si non se xustifica totalmente o orzamento subvencionado, pero se acredita o cumprimento da finalidade básica da subvención, o importe inicialmente concedido reducirase ata o importe xustificativo.
 - As subvencións nominativas terán carácter anual e non xeran dereito algún ó perceptor en exercicios posteriores. Excepcionalmente poderán adquirirse compromisos de subvencións nominativas de carácter plurianual, facendo constar dita circunstancia nas bases de execución do orzamento.
 - En todo caso deberán presentarse certificacións de atoparse o corrente das obrigas tributarias e coa seguridade social e coa Comunidade Autónoma de Galicia.
 - Cando o obxecto da subvención sexa a realización de unha actividade poderán considerarse como subvencionables aqueles de carácter xeral da entidade (persoal e gastos correntes), que se adscriban a realización da actividade. En todo caso estes gastos deberán especificarse motivadamente no orzamento subvencionado e acreditarse expresamente na xustificación.
- B) SUBVENCIONES EN RÉXIME DE CONCORRENCIA 2024 : Recóllense no anexo de subvencions que forma parte do expediente do proxecto de orzamento.

BASE 32ª.- GASTOS DE INVERSIÓN.

1. Os gastos de inversión requirirán expediente administrativo previo, no que se incorporará a documentación que para o caso esixa a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.
2. A financiación dos gastos de capital incluídos no Anexo de Inversións e Transferencias de Capital do Orzamento efectúase con arranxo ós recursos especificados tamén no mesmo. A súa execución terá prioridade sobre outros que, no seu caso, puidesen imputarse ao crédito orzamentario respectivo.
3. No caso de obtención de subvencións finalistas para executar proxectos incluídos no Anexo, poderán liberarse os recursos financeiros de achega municipal por importe igual ó da subvención obtida, para a súa aplicación ben a outro proxecto dos contemplados no Anexo ou a un novo. A reasignación de recursos efectuarase dentro do nivel de vinculación establecido nestas bases.
4. Os compromisos de gastos con cargo o capítulo VI e VII que deban atenderse con préstamos e, en xeral tódolos gastos, que se financien con subvencións ou en xeral calquera tipo de ingresos afectados, quedan en condición de indisponibles ata que sexan efectivos os recursos que as financian. Para tal efecto, en tanto non se produza tal condición, Intervención non certificará a existencia de consignación orzamentaria.
5. A determinación específica dos citados proxectos e o seu financiamento virá establecida no Anexo de inversións, con especificación do investimento que se realizará e o crédito que o financia. As alteracións no Anexo de inversións deberán ser aprobadas polo Pleno da corporación cos mesmos requisitos que a aprobación do orzamento, sempre que esas alteracións esixan modificacións orzamentarias de competencia plenaria. Aos efectos do disposto neste parágrafo, non se entenderá como alteración do Anexo de inversións a modificación da fonte de financiamento de cada proxecto específico como consecuencia da aparición de recursos financeiros propios derivados do remanente de tesourería ou do alleamento de inversións, para o que será suficiente a acreditación de tales recursos e a súa aprobación por decreto da Alcaldía.

CAPÍTULO 4º.- GASTOS MENORES.

BASE 33ª.- GASTOS MENORES.

A tramitación de gastos, que pola súa contía deban considerarse contratos menores conforme ao disposto nos artigos 29 e 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE, do 26 de febreiro de 2014, adecuaranse ás seguintes normas:

- 1.- En ningún caso poderán considerarse contratos menores aqueles que correspondan a partes ou fases dun mesmo obxecto.

CSV: 07E7000CEBAF00U9R0D8D4U4F7



2.- En todo caso procurárase a acumulación de subministracións que teñan idéntico obxecto ou finalidade co fin de tramitar expedientes de contratación conxuntos.

3.- Na tramitación de gastos que teñan a consideración de contratación menor, conforme aos límites establecidos para este tipo de contratos no TRLCSP, se respectará o seguinte:

1.- Para tódolos contratos menores deberá verificarse, con carácter previo a realización do gasto, a existencia de crédito adecuado e suficiente, para o que, quen propoña a realización dun contrato menor, deberá dirixirse ao Departamento de Intervención municipal, para que proceda a emitir o correspondente do documento contable de retención de créditos polo importe da proposta, que deberá incorporarse o expediente.

2.- Así mesmo, en todos os casos, as propostas de contratos menores deberán remitirse para a súa tramitación ao Servizo de Contratación, para os efectos de comprobar que a persoa física ou xurídica proposta para a execución do contrato estea ao corrente das súas obrigacións tributarias e da Seguridade Social, non estea incurso nas prohibicións de contratar e reúne, e que en consecuencia reúne as condicións para ser contratista coa Administración Pública, do que o responsable da oficina de contratación deberá deixar constancia escrita no expediente.

3.- Os contratos menores terán unha duración inferior ao ano, e procurárase a imputación do gasto correspondente ao exercicio orzamentario en que se realiza a prestación, non poderán ser obxecto de prórroga, ampliación, incremento, revisión de prezos ou fraccionamento.

4.- A fin de garantir unha mellor xestión dos créditos orzamentarios, cando a contía sexa superior a 5.000 euros máis IVE e inferior a 15.000 euros máis IVE, o expediente conterá unha proposta de realización do gasto na que se xustificará a necesidade da contratación e a insuficiencia de medios propios. Dita proposta se presentará detallada e valorada, e deberá quedar acreditado no expediente a consulta como mínimo a tres empresas (deberán solicitarse alomenos tres ofertas que se presentarán no Rexistro municipal de entrada), salvo que resultase imposible ou inconveniente por razóns que deberán acreditarse no expediente. Esta proposta unha vez informada polo Técnico de Contratación Municipal e fiscalizada pola intervención se someterá a aprobación do órgano municipal competente (fase AD).

5.- A aprobación de gastos por importe non superior a 5.000,00 €, realizarase conxuntamente coa disposición e o recoñecemento da obrigación, expedíndose o documento "ADO".

BASE 34ª.- GASTOS PLURIANUAIS.

1. Son gastos de carácter plurianual aqueles que estenden os seus efectos económicos a exercicios posteriores a aquel no que se autoricen e comprometan.

2. A autorización e o compromiso dos gastos de carácter plurianual subordinaranse ó crédito que para o exercicio económico se consigne nos respectivos orzamentos.

Ditos gastos estarán sometidos ó réxime previsto no artigo 174 da R.D. 2/2004 de 5 de marzo e arts. 79 a 88 do R.D. 500/90 de 20 de abril.

3. A execución do gasto deberá comezar no exercicio actual e só poderá afectar a:

- Investimentos e transferencias de capital.
- Arrendamentos de bens inmoables.
- Contratos de subministracións, asistencia técnica, prestación de servizos, execución de obras de mantemento, arrendamento de equipos e máquinas que non poidan ser estipulados ou resulten antieconómicos por un ano.
- Gastos financeiros.
- Transferencias correntes.

4. A autorización de gastos plurianuais require certificación previa de Intervención, na que se acredite que non se superan os límites cuantitativos fixados na lei. Delégase na Alcaldía a excepción aos ditos límites prevista no artigo 174.5 do TRLFL.

5. No suposto de que os investimentos ou transferencias de capital ou correntes debeñan de convenios de cofinanciamento que se van subscribir con entes públicos ou privados, as porcentaxes e contías serán as que neles se determinen.

6. O acordo de Autorizar ou Dispoñer gastos plurianuais corresponde ó Pleno da Corporación, agás o disposto no artigo 21.1.ñ da Lei 7/85, delegado na Xunta de Goberno Local, por Decreto de 17 e xuño de 2019.

TITULO IV.- FUNCIÓN FISCALIZADORA.

BASE 35ª.- EJERCICIO DA FUNCIÓN FISCALIZADORA.

O Interventor e os funcionarios afectos á Intervención desempeñarán a función fiscalizadora en cumprimento do disposto no artigo 92.3.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, artigo 213 e seguintes do TRLRFL, R.d.



128/2018, do 16 de marzo, e demais disposicións concordantes, así como o Real decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local.

A Intervención de acordo co artigo 15.6 do RD 424/2017, elevará informe ó Pleno con carácter anual xuntamente coa dación de conta da liquidación de todas as resolucións adoptadas polo Presidente da Entidade Local contrarias aos reparos efectuados.

Segundo o artigo 20 do RD 424/2017, establécese a intervención da comprobación material da inversión cando o importe de esta sexa igual ou superior a 50.000,00 €, con exclusión do IVE, da obra, servizo ou adquisición de que se trate. O órgano xestor solicitará a asistencia do órgano interventor cunha antelación de vinte días á data prevista para a recepción da inversión. Non obstante, segundo a disposición adicional terceira da LCSP 2017, o órgano interventor asistirá á recepción material de todos os contratos, excepto os contratos menores, no exercicio da función de fiscalización material dos investimentos que esixe o artigo 214.2.d) do TRLRFL. Poderá estar asistido de un técnico especializado no obxecto do contrato, diferente do director da obra e do responsable do contrato. Nos casos en que a intervención da comprobación material da inversión non sexa preceptiva, a comprobación da inversión xustificárase coa acta de conformidade firmada polos que participaron na mesma ou cunha certificación expedida pola dependencia a quen corresponda recibir ou aceptar as obras, servizos ou adquisicións, na que se expresará facerse cargo do material adquirido, especificándoo co detalle necesario para a súa identificación, ou terse executado a obra ou servizo con arranxo ás condicións xerais e particulares que, en relación con eles, tiveran sido previamente establecidas.

Con carácter excepcional, e mentres non se dote de persoal necesario, para os efectos de comprobación material dos investimentos, a Intervención Municipal delega as súas funcións no técnico/persoal municipal competente por razón da natureza da prestación, que deberá asinar o documento xustificativo (factura ou certificación de obra) conxuntamente co Concelleiro delegado responsable da área de xestión correspondente.

De conformidade co establecido na normativa vixente en materia de contratación pública, non estarán sometidos a intervención previa os gastos de contratos menores, así como os de carácter periódico e demais de tracto sucesivo unha vez intervido o gasto correspondente ó período inicial do acto ou contrato do que deriven ou as súas modificacións, así como outros gastos menores de contía inferior á que, de acordo coa normativa vixente, se fagan efectivos a través do sistema de anticipos da caixa fixa.

Cando non dispoña do prazo mínimo legal de 10 días, a fiscalización limitarase a constatar a existencia de crédito orzamentario axeitado e suficiente e a competencia do órgano que aproba o gasto, non asumindo máis responsabilidade que a derivada da comprobación dos extremos anteriores.

BASE 36ª.- NORMAS PARTICULARES DE FISCALIZACIÓN.

ALCANCE DA FISCALIZACIÓN DE INGRESOS E GASTOS

De conformidade co establecido no artigo 219.1 do TRLRFL e artigo 13 do RD 424/2017, establécese o sistema de fiscalización e intervención limitada previa en réxime de requisitos básicos e adicionais que se detallan a continuación:

I. GASTOS: A proposta da Alcaldía, tras o informe do órgano interventor e de conformidade co disposto no artigo 219 do TRLRFL, establécese neste Concello o sistema de fiscalización previa limitada co seguinte alcance:

1.1) Proposta de gastos en xeral. Fiscalizaranse os seguintes aspectos:

a) Existencia de crédito orzamentario e de que o proposto é o adecuado á natureza do gasto e obriga que se propoña contraer. Nos casos nos que se trate de contraer compromisos de carácter plurianual comprobarase, ademais, si se cumpre o preceptuado no artigo 174 do TRLRFL, e o disposto nas presentes bases.

b) Que as obrigas ou gastos as xere órgano competente.

c) Que existe proposta do órgano xestor.

Estes tres puntos serán obxecto de fiscalización en toda clase de expedientes sobre propostas de gastos en xeral, sen prexuízo dos que a continuación se detallan en función da distinta natureza dos expedientes.

1.2) Para todo expediente terán que efectuarse, de ser o caso, ademais das comprobacións que se determinan nos parágrafos seguintes, as que a continuación se sinalan:

a) Cando dos informes preceptivos ós que se fai referencia nos diferentes apartados desta base se deducira que se omitiron requisitos ou trámites que sexan esenciais, ou que a continuación da xestión administrativa puidera causar



quebrantamentos económicos, procederase ó exame exhaustivo do documento ou documentos obxecto do informe e se, a xuízo da Interventora, se dan as mencionadas circunstancias, haberá que actuar conforme ó preceptuado no artigo 215 do TRLRFL.

b) Nos expedientes de recoñecemento de obrigas deberá comprobarse que responden a gastos aprobados e fiscalizados ou a sentenza xudicial firme.

1.3) No caso de que o órgano interventor se amose conforme co fondo e forma do expediente a fiscalizar, poderá limitarse a estender unha dilixencia amosando a súa conformidade.

1.4) Outros aspectos adicionais obxecto de fiscalización:

- NAS NÓMINAS DE RETRIBUCIÓNS DO PERSOAL Ó SERVIZO DO CONCELLO:

- a) Que as nóminas estean asinadas polo Xefe Superior de Persoal.
- b) No caso das de carácter ordinario e as unificadas de período mensual, comprobación aritmética que se realizará efectuando o axuste do total da nómina co que resulte do mes anterior mais a suma alxébrica das variacións incluídas na nómina do mes de que se trata.
- c) Xustificación documental limitada ós seguintes supostos de alta e variación en nómina, co alcance que para cada un deles se indica:
 - Funcionarios de novo ingreso: Copia do acordo de nomeamento e toma de posesión ou contrato de traballo e verificación das retribucións.
 - Membros da Corporación e persoal eventual: Copia dos oportunos acordos dos que traian causa.
 - Laboral de novo ingreso: Copia do contrato.
 - Laboral temporal: Copia do contrato e adecuación ó convenio colectivo.
 - Extinción da relación: Acreditación da existencia do acordo.
 - Embargos: Acreditación da existencia do acordo e organismo ordenante, na primeira retención que proceda.
 - Expedientes de recoñecemento de servizos previos, trienios, adscricións temporais e outros: Xustificación do feito
- d) Nas indemnizacións ó persoal por razón do servizo, que existe a orde de saída, a dilixencia de cumprimento e desprazamento e conforme do xefe de servizo.
Nas correspondentes a membros da Corporación e asimilados, o previsto no Rd 462/2002 de 24 de maio. Nas asistencias a órganos colexiados e tribunais, Certificación do Secretario.
- e) As contas da Seguridade Social quedarán xustificadas mediante as liquidacións correspondentes.
- f) As gratificacións, produtividade e outras retribucións variables e indemnizacións de natureza social ou doutro xénero: acreditación da proposta do concelleiro correspondente.

- GASTOS DO FONDO SOCIAL:

A acta da Mesa de negociación do Fondo Social.

- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL FIXO:

Incorporación de expediente no que se xustifique:

- a) Que os postos que se van cubrir figuran detallados nas respectivas relacións ou catálogos de postos de traballo e estean vacantes.
- b) Cumprir o requisito de publicidade das correspondentes convocatorias no BOE, nos termos establecidos no artigo 29 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo.
- c) Acreditación dos resultados do proceso selectivo.
- d) Adecuación do contrato que se formaliza co disposto na normativa vixente.
- e) Que as retribucións que se sinalan no contrato se axustan ó convenio colectivo que sexa de aplicación.

- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL:

Incorporación de expediente no que se xustifique:

- a) Cumprir os criterios de selección establecidos polo Órgano competente nos termos previstos no artigo 35 do R.d. 364/1995, do 10 de marzo.
- b) Acreditación dos resultados do proceso selectivo.
- c) Adecuación do contrato que se formaliza co disposto na normativa vixente.
- d) No suposto de contratación de persoal con cargo ós créditos de investimentos, verificar a existencia do informe xurídico, sobre a modalidade de contratación temporal utilizada e sobre a observancia, nas cláusulas do contrato, dos requisitos e formalidades esixidos pola lexislación laboral.

CSV: 07E7000CEBAF00U9R0D8D4U4F7



- e) Que as retribucións que se sinalan no contrato se axusten ó convenio colectivo que resulte de aplicación.
- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN DE FUNCIONARIOS INTERINOS:
Incorporación de expediente no que se xustifique:
a) Cumprir os criterios de selección establecidos polo Órgano competente nos termos previstos no artigo 27 do R.d. 364/1995, do 10 de marzo.
b) Acreditación dos resultados do proceso selectivo expedida polo Servizo de Persoal.
c) Adecuación da toma de posesión que se formaliza co disposto na normativa vixente.
d) No suposto de contratación de persoal con cargo ós créditos de investimentos, verificarase a existencia do informe do Servizo de Persoal, sobre a modalidade de contratación temporal utilizada e sobre a observancia, nas cláusulas do contrato, dos requisitos e formalidades esixidos pola lexislación laboral.
e) Que as retribucións se axustan ó acordo marco único que resulte de aplicación..
- PRÓRROGA DOS CONTRATOS LABORAIS:
Comprobación de que a duración do contrato non supere o prazo previsto na lexislación vixente.
- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO GASTO E ADXUDICACIÓN DE SUBVENCIONS DE CONCESIÓN DIRECTA, NOMINATIVAS:
a) Existencia de previsión nominativa no Orzamento.
b) No seu caso, existencia de Convenio regulador de concesión.
c) Xustificación ou declaración responsable do beneficiario, segundo proceda, de non estar incurso nas prohibicións para obter as condición de tal, sinaladas nos apartados 2 e 3 do art. 13 da Lei38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvención e demais normativa de aplicación.
d) O informe ou proposta da unidade administrativa xestora, no que se manifeste que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para acceder á subvención.
- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO GASTO E ADXUDICACIÓN DE SUBVENCIONS DE CONCESIÓN DIRECTA, EXCEPCIONAIS:
a) Informe ou proposta da unidade administrativa xestora que acredite a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional. A proposta ou informe favorable á concesión da subvención levará implícita dita acreditación.
b) Se é o caso, existencia de convenio regulador da concesión.
c) Xustificación ou declaración responsable do beneficiario, segundo proceda, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de tal, sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e demais normativa de aplicación.
d) O informe ou proposta da unidade administrativa xestora, no que se manifeste que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para acceder á subvención. A proposta ou informe favorable á concesión da subvención levará implícita dita manifestación.
- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE GASTOS E ADXUDICACIÓN DE SUBVENCIONS EN RÉXIME DE CONCURRENCIA COMPETITIVA:
a) Existencia de bases de concesión da subvención aprobadas e publicadas.
b) Que na convocatoria figuran os créditos orzamentarios ós que se imputa a subvención e a contía total máxima da subvencións convocadas, así como, si é o caso, o establecemento dunha contía adicional máxima, en aplicación do artigo 58 do RLXS.
c) Informe da unidade administrativa xestora sobre a adecuación do expediente ás devanditas bases.
d) Cando se trate de expedientes de aprobación de gasto, pola contía adicional do artigo 58 do RLXS, unha vez obtido o financiamento adicional, se verificará como extremo adicional que non se supera o importe establecido na convocatoria.
e) Xustificación ou declaración responsable do beneficiario, segundo proceda, de non estar incurso nas prohibicións para obter as condicións de tal, sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nestas bases.
f) Informe ou proposta da unidade administrativa xestora, no que se manifeste que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.
- XUSTIFICACIÓN DE OBRIGAS DERIVADAS DE SUBVENCIONS:
En función da modalidade de xustificación:
a) Conta xustificativa: Que consta formalmente a documentación que contemplan os Art. 72 e seguintes do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, en función da



modalidade prevista en cada caso.

b) Acreditación por módulos: Que consta formalmente a documentación que contemplan os Art. 76 e seguintes do RD 887/2006, de 21 de xullo.

c) Presentación de estados contables: Que consta formalmente a documentación que contempla o Art. 80 do RD 887/2006, de 21 de xullo.

d) Nos supostos en que as bases ou acordos establezan outros sistemas: Que consta formalmente a documentación esixida polos mesmos .

En todos os casos: Informe da unidade administrativa xestora correspondente, en relación ó expediente, acerca do grado de cumprimento dos fins para os que se outorgou a subvención, adecuación dos gastos ós citados fins e a corrección da documentación presentada. A proposta ou informe favorable á concesión da subvención levará implícita a conformidade ós mencionados extremos.

- PROPOSTAS DE INDEMNIZACIÓN DE DANOS E PERDAS POR RESPONSABILIDADE DE CARÁCTER EXTRA CONTRACTUAL:

a) Informe do servizo que co seu funcionamento ocasionara a presunta lesión indemnizable ou senón atestado da Policía municipal.

b) Valoración pericial.

c) Informe dos servizos xurídicos.

CONTRATOS DE OBRAS EN XERAL:

Obra nova:

Aprobación do gasto:

a) Que exista proxecto informado ou subscrito polos servizos técnicos correspondentes, segundo proceda.

b) Que existe prego de cláusulas administrativas informado polo titular da Asesoría Xurídica.

c) Cando se utilice prego tipo de cláusulas administrativas, verificar que o contrato que se vai celebrar é de natureza análoga ó informado polo titular da Asesoría Xurídica.

d) Que exista acta de replanteo previo, firmada polo xefe do servizo correspondente e, se é o caso, dispoñibilidade das licencias preceptivas.

e) Cando se propoña como forma de adxudicación o concurso, comprobación de que o prego de cláusulas administrativas particulares establece criterios obxectivos para a adxudicación do contrato.

f) Cando se propoña como procedemento de adxudicación o negociado, comprobar que concorren as circunstancias previstas na normativa vixente.

Compromiso do gasto:

a) Cando non se adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada pola Mesa de Contratación, que existe decisión motivada do órgano de contratación.

b) Acreditación polo empresario proposto como adxudicatario, a través dos documentos xustificativos a que se refire o artigo 15 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, que está ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

c) Conformidade, cando proceda, da clasificación concedida ó contratista que se propón como adxudicatario coa esixida no prego de cláusulas administrativas particulares.

d) Cando se utilice o procedemento negociado, que existe constancia no expediente das invitacións cursadas, das ofertas recibidas e das razóns para a súa aceptación ou rexeite aplicadas polo órgano de contratación de conformidade coa normativa de contratos das administracións públicas

e) Cumprimento dos requisitos procedimentais da selección do contratista segundo a proposta de Mesa de contratación e demais requisitos procedimentais sinalados na normativa vixente

Modificados:

a) Que exista proxecto informado ou subscrito polo servizo técnico correspondente.

b) Que exista informe do Servizo de Contratación e da Asesoría Xurídica.

c) Que exista acta de replanteo previo firmada polo xefe do servizo correspondente

d) Verificación do cumprimento dos requisitos esixidos na lexislación para a xustificación do modificado: posibilidade prevista no prego e non superación das porcentaxes do prezo do contrato

Revisión de prezos (aprobación do gasto):

Que se cumpran os requisitos esixidos normativa vixente de contratación das administracións públicas e que non está expresamente excluída a posibilidade de revisión no prego de cláusulas administrativas particulares.

Certificacións de obra:

CSV: 07E7000CEBAF00U9R0D8D4U4F7



- a) Que existe certificación autorizada polo facultativo director da obra.
- b) Para a primeira certificación, que está constituída a garantía definitiva.
- c) No caso de efectuarse aboamentos "a conta" por operacións preparatorias, dos previstos na Lei de contratos das administracións públicas vixente, comprobar que se prestou a garantía esixida.
- d) Que achegue factura a empresa adxudicataria de acordo co previsto na normativa que regula as obrigas de facturación.
- e) Cando a certificación de obra inclúa revisión de prezos, para o seu aboamento, comprobar que se cumpren os requisitos pola normativa de contratos das administracións públicas e que non está expresamente excluída a posibilidade de revisión no prego de cláusulas administrativas particulares.
- f) Comprobar a existencia de endosos e embargos, ou outras formas de transmisión dos dereitos, mediante a toma de razón en contabilidade.
- g) Verificar a existencia de descontos para practicar por demora total ou parcial, dirección de obra, control de calidade a cargo do contratista, ou outros.
- h) Verificación da formalización en prazo do contrato administrativo

- SUBMINISTRACIÓNS EN XERAL:

Expediente inicial:

Aprobación do gasto:

- a) Que exista prego de cláusulas administrativas particulares informado polo titular da Asesoría Xurídica e, se é o caso, prego de prescricións técnicas da subministración.
- b) Cando se utilice prego tipo de cláusulas administrativas particulares, verificar que o contrato que se vai celebrar é de natureza análoga ó informado polo titular da Asesoría Xurídica.
- c) Cando se propoña como forma de adxudicación o aberto, comprobación de que o prego de cláusulas administrativas particulares establece criterios obxectivos para a adxudicación do contrato.
- d) Cando se propoña como procedemento de adxudicación o negociado, comprobar que concorren as circunstancias previstas na normativa de contratos das administracións públicas.

Compromiso do gasto:

- a) Cando non se adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada pola Mesa de Contratación, que existe decisión motivada do órgano de contratación.
- b) Acreditación polo empresario proposto como adxudicatario, a través dos documentos xustificativos sinalados na normativa vixente.
- c) Cando se utilice o procedemento negociado, que existe constancia no expediente das invitacións cursadas, das ofertas recibidas e das razóns para a súa aceptación ou rexeite aplicadas polo órgano de contratación de conformidade coa Lei de contratos das administracións públicas.
- e) Cumprimento dos requisitos procedimentais da selección do contratista segundo a proposta de Mesa de contratación e demais sinalados na normativa vixente

Aboamento total:

- a) Que se acompaña certificación ou acta de conformidade da recepción do subministración.
- b) Que achega factura a empresa adxudicataria de acordo co previsto no Real decreto 1619/2012 do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento que regula as obrigas de facturación.
- c) Comprobar a existencia de endosos ou embargos, ou doutras formas de transmisión dos dereitos, mediante a toma de razón en contabilidade.
- d) Verificar a existencia de descontos para practicar por demora total ou parcial, dirección de obra, control de calidade a cargo do contratista, ou doutros.
- e) Cando se inclúa revisión de prezos, comprobar que se cumpren os requisitos esixidos pola Lei e que non está expresamente excluída a posibilidade de revisión no prego de cláusulas administrativas particulares.

-CONTRATOS DE SERVICIOS.

Expediente inicial:

Aprobación do gasto:

- a) Que existe o prego de cláusulas administrativas particulares e estea informado polo Servizo de Contratación e polo titular da Asesoría Xurídica.
8. TAXA POR DEREITOS DE EXAME.

Se estiman ingresos por este concepto para o exercicio 2024 pola contía de 3.000,00 €, en base a criterios de prudencia. A contía que finalmente se liquide por este concepto virá determinada pola aprobación dunha oferta de emprego público no exercicio 2024, pola convocatoria pública das prazas e o número de matriculados.

9. TAXAS POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA E APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PUBLICO LOCAL.

Inclúense as seguintes taxas:

	2024	2023
ESTACIONAMENTO VEHICULOS (AUTO TAXI)	4.010,00	4.010,00
ENTRADA VEHICULOS	117.000,00	117.000,00
UT.PRIVATIVA/APR, ESP, EMPRESAS SUMINISTROS	150.000,00	130.000,00
UT.PRIVATIVA/APR, ESP, EMPRESAS TELECOM.	10.000,00	15.000,00
TERRAZAS	30.000,00	30.000,00
OCUPACION VIA PUBLICA OBRAS	6.000,00	4.000,00
BARRACAS	55.000,00	42.000,00
TOLDOS, ESCAPARATES Y MARQUESINAS	755,00	774,54
QUIOSCOS	3.300,00	4.274,76
OCUPACIÓN VIA PÚBLICA CONTENEDORES ROPA	360,00	240,00
TOTAL	376.425,00	347.299,30

As previsións realízanse a partir da información da execución orzamentaria do exercicio 2023.

10. PREZOS PÚBLICOS POR DISTINTOS SERVIZOS, DEPORTIVOS, SOCIOCULTURALS E OUTROS.

Inclúense os seguintes prezos públicos:

	2024	2023
SERVICIO AXUDA A DOMICILIO	300.000,00	271.978,28
CONSEVATORIO	40.000,00	40.000,00

CSV: 07E7000CEBB100M5R2X6K6P9X0



ESCOLAS DANZA	16.650,00	12.000,00
ENTRADA MONUMENTOS/FEIRA MIEVEVAL/TORRE/TEATRO/ESPECTÁCULOS/PASEOS BARCAS	2.697,50	11.995,50
TOTAL	371.347,50	335.973,78

As previsións realizáronse tomando en consideración os datos derivados da liquidación orzamentaria prevista do exercicio 2023, tomando os datos das matrículas, liquidacións e autoliquidacións.

11. OUTROS INGRESOS

Inclúense os seguinte conceptos cuxas previsións responden á evolución do exercicio 2023.

	2024
MULTAS URBANISTICAS	1.000,00
MULTAS TRIBUTARIAS	1.000,00
MULTAS CIRCULACION	90.000,00
OTRAS MULTAS O SANCIONES	1.000,00
RECARGO APREMIO	55.000,00
XUROS DE DEMORA	35.000,00
OUTROS INGRESOS (indemniz danos)	10.000,00
RECURSOS EVENTUAIS	5.000,00
VENTA ELECT A FENOSA	4.000,00
ING EXECUCIÓN SUBSIDIARIA	10.000,00
TOTAL	212.000,00

CAPÍTULO IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES.

Inclúense ingresos de natureza non tributaria, percibidos sen contraprestación directa, destinados a financiar operacións correntes, diferenciándose segundo os axentes que a conceden as seguintes:

1. DA ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO.

A previsión da Participación nos Tributos do Estado para o exercicio 2024 (4.420.000,00 €) realízase nos mesmos termos que nos exercicios anteriores.

2. DA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA.

Para 2024 se recollen as previsións por transferencias correntes da Comunidade Autónoma correspondentes ao Fondo de Cooperación e as achegas para programas cofinanciados en materia de Servizos Sociais Primario (Servizos Sociais e CIM) así como as achegas para mantemento do Organismo autónomo Instituto Municipal de Drogodependencias no marco da Prevención e tratamento, seguindo as liñas de subvención que ano tras ano se veñen repetindo. En canto ó Fondo de Cooperación os dereitos recoñecidos netos fixéronse para 2024 en 830.000,00 €

3. DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

Inclúese a achega anual correspondente ó financiamento do conservatorio, por importe de 15.000,00 € e a aportación ó servizo de axuda a domicilio por importe de 23.744,32 €

CAPÍTULO V. INGRESOS PATRIMONIAIS.

CSV: 07E7000CEBB100M5R2X6K6P9X0



Este capítulo recolle os ingresos procedentes de rentas de patrimonio do Concello o importe previsto para 2024 ascende a 47.036,00 €

	2024
XUROS DE DEPÓSITOS	500,00
OCUPACIÓN INMOBLES	15.000,00
CONCESION DE AGUA	49.750,00
CEMITERIO	11.000,00
TOTAL	76.250,00

CAPÍTULO VIII. ACTIVOS FINANCIEROS.

Recóllense os ingresos previstos de reintegros de anticipos de persoal.

En canto a consolidación do orzamento, o Proxecto de Orzamento Consolidado de Ingresos do Concello e Organismo Autónomo para 2024, é o seguinte:

INGRESOS				
2024	ORZAMENTO DA CORPORACIÓN	ORZAMENTO INSTITUTO MUNICIPAL DROGODEPENDENCIAS	TRANSFERENCIAS A ELIMINAR	ORZAMENTO XERAL CONSOLIDADO
CAPITULO I	5.974.475,79			5.974.475,79
CAPITULO II	550.000,00			550.000,00
CAPITULO III	2.475.072,50			2.475.072,50
CAPITULO IV	6.554.537,65	337.573,41	337.573,41	6.554.537,65
CAPITULO V	76.250,00			76.250,00
TOTAL	15.630.335,94	337.573,41	337.573,41	15.630.335,94
CAPITULO VI	0,00			0,00
CAPITULO VII	0,00			0,00
CAPITULO VIII	6.000,00			6.000,00
CAPITULO IX	750.000,00			750.000,00
TOTAL	756.000,00	0,00	0,00	756.000,00
TOTAL XERAL CONSOLIDADO	16.386.335,94	337.573,41	337.573,41	16.386.335,94

Dado que a única fonte de financiación do Organismo Autónomo: Instituto municipal de Drogodependencias son as transferencias que recibe da propia entidade local o orzamento consolidado non se ve incrementado como consecuencia da consolidación de ambos orzamentos.

1.2 Estado de Gastos:

O orzamento de gastos do exercicio 2024 vai encamiñado, a garantir a sustentabilidade financeira, conseguir así mesmo que as cifras da liquidación para o período 2024 mostre cifras de aforro bruto e neto positivo, cumprindo coa estabilidade Orzamentaria.

Para este exercicio, o Proxecto de Orzamento Consolidado do Concello de Monforte e Organismos Autónomos presenta uns créditos iniciais de 16.386.335,94€.

CSV: 07E7000CEBB100M5R2X6K6P9X0



A distribución do Orzamento Consolidado do Concello de Monforte e o seu Organismo Autónomo é a seguinte:

GASTOS				
2024	ORZAMENTO DA CORPORACIÓN	ORZAMENTO INSTITUTO MUNICIPAL DROGODEPENDENCIAS	TRANSFERENCIAS A ELIMINAR	ORZAMENTO XERAL CONSOLIDADO
CAPITULO I	5.202.085,35	313.573,41		5.515.658,76
CAPITULO II	8.898.094,31	24.000,00		8.922.094,31
CAPITULO III	81.000,00			81.000,00
CAPITULO IV	1.185.076,58		337.573,41	847.503,17
CAPITULO V	0,00			0,00
TOTAL	15.366.256,24	337.573,41	337.573,41	15.366.256,24
CAPITULO VI	735.530,60			735.530,60
CAPITULO VII	278.549,10			278.549,10
CAPITULO VIII	6.000,00			6.000,00
CAPITULO IX	0,00			0,00
TOTAL	1.020.079,70	0,00	0,00	1.020.079,70
TOTAL XERAL CONSOLIDADO	16.386.335,94	337.573,41	337.573,41	16.386.335,94

- 1) Os gastos correntes supoñen 15.366.256,24 € o que implica un incremento con respecto o orzamento de 2023 de 626.209,19 €, que responde fundamentalmente, ó seguinte:

-No capítulo I de gastos de persoal, as modificacións que se prevén son derivadas das adaptacións dos postos de traballo e a previsión dunha posible subida na lexislación estatal, incremento do custo derivados dos trienios, RPT,... No total incrementase en 230.250,81 €

- No Capítulo II, o incremento neste capítulo obedece á revisión de contratos de prestación de servizos para o exercicio, e de novas licitacións que se pretenden levar a cabo en 2024. O incremento é de 274.695,92 €

-Respecto o capítulo III de gastos financeiros recolle un aumento na previsión no relativo ós gastos financeiros. O incremento é de 69.000,00 €

-O capítulo IV de transferencia correntes incrementase en 52.262,46 €

- 2) As operacións de capital, capítulos VI e VII que ascenden a 735.530,60 € e 278.549,10 €, con financiación propia e co préstamo previsto.
- 3) Polo que respecta as operacións financeiras, capítulos VIII e IX as mesmas ascenden a 6.000,00 €, e correspóndense co capítulo VIII para a imputación dos anticipos de nómina que se poidan conceder no exercicio 2024 ao persoal.

O resumo das variacións das previsións dos capítulos de gasto do orzamento de 2024 respecto ao de 2023 son as seguintes:

	CAPITULO 1	CAPITULO 2	CAPITULO 3	CAPITULO 4	CAPITULO 6	CAPITULO 7	CAPITULO 8
2024	5.202.085,35	8.898.094,31	81.000,00	1.185.076,58	735.530,60	278.549,10	6.000,00

CSV: 07E7000CEBB100M5R2X6K6P9X0



2023	4.971.834,54	8.623.398,39	12.000,00	1.132.814,12	610.000,00	15.099,18	6.000,00
DIFERENCIA	230.250,81	274.695,92	69.000,00	52.262,46	125.530,60	263.449,92	0,00

2.SUFICIENCIA DOS CRÉDITOS PARA ATENDER O CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS ESIXIBLES.

O estado de gastos do Orzamento consolidado recolle os créditos necesarios para facer fronte as obrigas esixibles de persoal, seguridade social, seguros, gastos financeiros e de amortización de préstamos e demais obrigas e gastos de funcionamento dos servizos municipais e do seu organismo autónomo.

3. EFECTIVA NIVELACIÓN DO ORZAMENTO.

O importe dos estados de gastos e ingresos do proxecto de orzamento para 2024 ascende a 16.386.335,94 €, os datos son os seguintes:

INGRESOS	2024 PROXECTO
Ingresos Correntes	15.630.335,94
Ingresos de capital	0,00
Ingresos no financeiros	15.630.335,94
Ingresos financeiros	756.000,00
Ingresos totais	16.386.335,94
GASTOS	2024 PROXECTO
Gastos Correntes	15.366.256,24
Gastos de capital	1.014.079,70
Gastos no financeiros	16.380.335,94
Gastos operacións financeiras	6.000,00
Gastos totais	16.386.335,94

CONCLUSIÓN

Unha vez analizadas as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos e das operacións de crédito previstas, se pode concluír que o Proxecto de Orzamento Xeral do Concello de Monforte para o exercicio 2024, que está integrado polo propio da entidade local e polo do seu organismo autónomo: Instituto Municipal de Drogodependencias, recolle as previsións de ingresos necesarias para financiar os créditos dotados no Estado de Gastos, así mesmo as dotacións iniciais do orzamentos de gastos se consideran suficientes para atender ao cumprimento das obrigas esixibles e aos gastos de funcionamento dos servizos, coincidindo o total dos créditos de gastos co total das previsión de ingresos e, en consecuencia, a se produce a efectiva nivelación do orzamento.

Así mesmo o Proxecto de Orzamento Xeral do Concello de Monforte consolidado cumpre os obxectivos de estabilidade orzamentaria, entendido como a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiación de acordo coa definición contida no SEC 95, cumpre co límite de gasto e co obxectivo de límite de endebedamento, todo elo tendo en conta a suspensión vixente das regras fiscais.

Monforte de Lemos, na data da sinatura dixital
A Concelleira de Facenda, Gloria Prada Rodríguez



INFORME DE FISCALIZACIÓN DO PROXECTO DE ORZAMENTO 2024	Exercicio	2023
---	-----------	------

Unidade Xestora	Alcaldía	Órgano competente	PLENO
ASUNTO	INFORME DE INTERVENCIÓN AO PROXECTO DE ORZAMENTO DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS E DO ORGANISMO AUTÓNOMO "INSTITUTO MUNICIPAL DE DROGODEPENDENCIAS" PARA O EXERCICIO 2024		

O funcionario que subscribe, á vista do Proxecto de Orzamento Xeral deste Concello para o Exercicio 2020, formado polo Sr. Alcalde-Presidente, de conformidade co establecido no artigo 168.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e no artigo 4.1.b).2º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

1. LEXISLACIÓN APLICABLE:

As entidades locais atópanse obrigadas a elaborar e aprobar un Orzamento Xeral de conformidade co establecido no artigo 164 do RD Legislativo 2/2004 TRLRFL en concordancia co disposto no artigo 5 do R.D. 500/1990. No caso concreto deste Concello este estará integrado polo orzamento da propia Entidade, e do seu Organismo Autónomo o Instituto Municipal de Drogodependencias. O importe dos orzamentos ascende:

1. ORZAMENTO DA PROPIA CORPORACIÓN

<u>Estado de Gastos</u>	<u>Estado de Ingresos</u>
16.386.335,94 euros.	16.386.335,94 euros.

2. ORZAMENTO DO INSTITUTO MUNICIPAL DE DROGODEPENDENCIAS

<u>Estado de Gastos</u>	<u>Estado de Ingresos</u>
337.573,41 euros.	337.573,41 euros.

3. ORZAMENTO XERAL OU CONSOLIDADO

<u>Estado de Gastos</u>	<u>Estado de Ingresos</u>
16.386.335,94euros.	16.386.335,94euros.

2. ANÁLISE DO PROXECTO DE ORZAMENTO DESTA ENTIDADE

Primeiro.- Requisitos formais e cumprimento do prazo establecido: O artigo 168.1 TRLRHL establece que corresponde ó Alcalde-Presidente, a elaboración do orzamento municipal, que deberá remitilo, como di o número catro de tal artigo, informado pola Intervención, ao Pleno da Corporación antes do día 15 de outubro para a súa aprobación, emenda ou devolución.

Conforme os artigos 164, 165, 166 e 168 LHL, as Entidades Locais elaborarán e aprobarán anualmente un Orzamento Xeral no que se integrarán:

- O orzamento da propia entidade.
- Os dos organismos autónomos dependentes da mesma.
- Os estados de previsión de gastos e ingresos das Sociedades Mercantís cuxo capital social pertenza integramente a Entidade Local.

O mesmo texto legal no seu art. 165 dispón que o orzamento xeral atenderá ao cumprimento do principio de estabilidade nos termos previstos na Lei 18/2001, Xeral de Estabilidade Orzamentaria, e conterá para cada un dos orzamentos que nel se integren:

- Os Estados de Gastos, nos que se incluírán, coa debida especificación, os créditos necesarios para atender ao cumprimento das obrigas.
- Os Estados de Ingresos, nos que figurarán as estimacións dos distintos recursos económicos a liquidar durante o exercicio.

Así mesmo, incluírá as Bases de Execución, que conterán a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e circunstancias da propia entidade, así como aquelas outras necesarias para a súa acertada xestión,



establecendo cantas prevencións se consideren oportunas ou convenientes para a mellor realización dos gastos e recadación dos recursos, sen que poidan modificar o lexislado para a administración económica nin comprender preceptos de orde administrativo que requiran legalmente procedemento e solemnidades específicas distintas do previsto para o orzamento.

Recollerá os recursos da entidade local e de cada un dos seus organismos autónomos e sociedades mercantís que se destinarán a satisfacer o conxunto das súas respectivas obrigas, salvo no caso de ingresos específicos afectados a fines determinados.

Cada un dos orzamentos que se integran no orzamento xeral deberá aprobarse sen déficit inicial.

O orzamento Xeral uniráselle a documentación Anexa que se especifica no artigo 166.

En consonancia cos ditados da norma, o **Orzamento Xeral do Concello de Monforte de Lemos para 2024** componse de:

a) O orzamento da propia entidade, que contén:

- O Estado de Gastos coa debida especificación, os créditos necesarios para atender ao cumprimento das obrigas.
- O Estado de Ingresos, no que figuraran as estimacións dos distintos recursos económicos a liquidar durante o exercicio.

b) O orzamento do organismo autónomo dependente da mesma: Instituto Municipal de Drogodependencias, que a súa vez contén:

- O Estado de Gastos coa debida especificación, os créditos necesarios para atender ao cumprimento das obrigas.
- O Estado de Ingresos, no que figurarán as estimacións dos distintos recursos económicos a liquidar durante o exercicio.

c) Bases de Execución do Orzamento:

Conteñen a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e circunstancias do Concello, así como aquelas outras necesarias para a súa xestión, establecendo cantas prevencións se consideraron necesarias para garantir a correcta execución e realización do Orzamento de gastos e ingresos. Constará dun único documento que será de aplicación ao Orzamento do Concello de Monforte e o organismo autónomo de Drogodependencias, nos termos que se indican nas mesmas.

Conforme ao disposto no art 166 se unen como anexos ao Orzamento Xeral do concello de Monforte de Lemos para o exercicio 2024 os seguintes documentos:

- a) Plans de inversións e financiación que se poidan formular. Non é o caso do orzamento do exercicio 2024.
- b) O Estado de consolidación do orzamento do propio concello co do orzamento do seu organismo autónomo: Instituto Municipal de Drogodependencias.

Pola súa parte conforme o art 168 do TRLRFL, se une a seguinte documentación:

- a) Memoria explicativa do contido do Proxecto de Orzamento e das principais modificacións que presenta en relación co Orzamento vixente
- b) Liquidación do orzamento do exercicio anterior e avance da do corrente, referida, a lo menos a seis meses do exercicio corrente.
- c) Anexo de Persoal da Entidade Local
- d) Anexo das investimentos a realizar no exercicio.
- e) Anexo de beneficios fiscais en tributos locais contendo información detallada dos beneficios fiscais e a súa incidencia en cada un dos ingresos do concello.
- f) Anexo coa información relativa aos convenios subscritos coa Xunta de Galicia en materia de gasto social, con especificación da contía das obrigas de pago e dos dereitos económicos que se deben recoñecer no exercicio



ao que se refire o orzamento xeral e das obrigas pendentes de pago e dereitos económicos pendentes de cobro, recoñecidos en exercicios anteriores, así como da aplicación ou partida orzamentaria na que se recollen, e a referencia a que ditos convenios inclúen a cláusula de retención de recursos do sistema de financiación á que se refire o art. 57.bis da Lei 7/198, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

- g) Informe económico - financeiro, no que se expoñan as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos e das operacións de crédito previstas, a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento de obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e , en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento.
- h) Anexo das subvencións a conceder, tanto con carácter nominativo coma en réxime de concorrencia competitiva no exercicio 2024, a modo de Plan estratéxico da actividade de fomento a desenvolver no devandito ano.

Tamén dispón que o presidente da entidade, remitirá o orzamento así formado, co informe de Intervención, ao Pleno da Corporación antes do 15 de outubro para a súa aprobación emenda ou devolución. Na análise de cumprimento formal débese por de manifesto por esta Intervención o incumprimento do prazo de remisión do documento orzamentario ao Pleno.

En calquera caso o expediente formado contén formalmente a documentación legalmente requirida.

Segundo.- Na análise de cumprimento material do documento orzamentario debemos poñer de manifesto que o Proxecto de Orzamento Xeral Consolidado para o exercicio 2024 do Concello de Monforte cumpre os obxectivos de estabilidade orzamentaria, entendido como a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiación de acordo coa definición contida na normativa europea de aplicación coas modificacións introducidas polo SEC 2010, cumpre co límite de gasto e co obxectivo de límite de endebedamento, sen prexuízo do establecido polo Acordo do Consello de Ministros de 26.07.2022 no que se suspende a vixencia das regras fiscais en 2023, e sen terse adoptado acordo respecto ó exercicio 2024.

O resumo por capítulos do orzamento xeral consolidado para o exercicio 2024 é o seguinte:

GASTOS				
2023	ORZAMENTO DA CORPORACIÓN	ORZAMENTO INSTITUTO MUNICIPAL DROGODEPENDENCIAS	TRANSFERENCIAS A ELIMINAR	ORZAMENTO XERAL CONSOLIDADO
CAPITULO I	5.202.085,35	313.573,41		5.515.658,76
CAPITULO II	8.898.094,31	24.000,00		8.922.094,31
CAPITULO III	81.000,00			81.000,00
CAPITULO IV	1.185.076,58		337.573,41	847.503,17
CAPITULO V	0,00			0,00
TOTAL	15.366.256,24	337.573,41	337.573,41	15.366.256,24
CAPITULO VI	735.530,60			735.530,60
CAPITULO VII	278.549,10			278.549,10
CAPITULO VIII	6.000,00			6.000,00
CAPITULO IX	0,00			0,00
TOTAL	1.020.079,70	0,00	0,00	1.020.079,70
TOTAL XERAL CONSOLIDADO	16.386.335,94	337.573,41	337.573,41	16.386.335,94

INGRESOS				
2023	ORZAMENTO DA CORPORACIÓN	ORZAMENTO INSTITUTO MUNICIPAL DROGODEPENDENCIAS	TRANSFERENCIAS A ELIMINAR	ORZAMENTO XERAL CONSOLIDADO
CAPITULO I	5.974.475,79			5.974.475,79

CSV: 07E7000CEBBA00N4M7V6O9T4X3



CAPITULO II	550.000,00			550.000,00
CAPITULO III	2.475.072,50			2.475.072,50
CAPITULO IV	6.554.537,65	337.573,41	337.573,41	6.554.537,65
CAPITULO V	76.250,00			76.250,00
TOTAL	15.630.335,94	337.573,41	337.573,41	15.630.335,94
CAPITULO VI	0,00			0,00
CAPITULO VII	0,00			0,00
CAPITULO VIII	6.000,00			6.000,00
CAPITULO IX	750.000,00			750.000,00
TOTAL	756.000,00	0,00	0,00	756.000,00
TOTAL XERAL CONSOLIDADO	16.386.335,94	337.573,41	337.573,41	16.386.335,94

Terceiro.-Análise dos ingresos e gastos previstos:

-Estado de Ingresos.- A esixencia fundamental do RD Lex 2/2004, de 5 de marzo, imposta no artigo 170, é a de determinar a suficiencia dos ingresos para o financiamento dos gastos orzamentados.

As estimacións de previsión de ingreso que para un dos conceptos figuran no Estado de Ingresos, responden a información dos dereitos recoñecidos netos da execución do orzamento do exercicio 2022, a información da execución do 2023 ata o mes de outubro para cada un dos conceptos de ingreso que integran este estado, e a previsión de altas novas ou de liquidacións que obran no departamento municipal de Rendas a realizar no exercicio 2024. Tendo en conta que a previsión dos ingresos ten carácter estimativo, non limitativo como no caso dos gastos, haberá de levarse estricto seguemento do cumprimento das previsións sinaladas no orzamento para, de ser necesario, practicar as correccións oportunas na execución.

Capítulo 1 do Estado de Ingresos: As previsións de dereitos recoñecidos netos en concepto de Impostos efectúanse tomando como base os padróns do exercicio 2023, a evolución nos últimos exercicios e fíxose unha estimación de posibles anulacións e liquidacións por altas, e tendo en conta o manifestado na Memoria da Alcaldía sobre os procedementos de inspección a realizar no exercicio así como as previsións de altas no concepto de imposto de bens inmobeis

Capítulo 2 do Estado de Ingresos: Ascende a 550.000,00 € correspondente as estimacións de ingresos en concepto do Imposto sobre Construcións e Instalacións. mantense a previsión do exercicio 2023 e tendo en conta o manifestado na Memoria da Alcaldía da modificación prevista na ordenanza do imposto, e a procedementos de inspección a realizar no exercicio.

Capítulo 3 do Estado de Ingresos: Este capítulo destínase fundamentalmente ás taxas e prezos públicos referidos á prestación de servizos ou actividades polo Concello ou pola utilización do dominio público local. As previsións resultan adecuadas de acordo co avance da liquidación para 2023.

Neste capítulo debe terse en conta que, para a exacción de cada unha das taxas e prezos públicos que o integran, deberán aplicarse as ordenanzas fiscais conforme a súa aprobación definitiva, tanto no que se refire a forma de xestión, como o debeño como as cotas a cobrar.

Capítulo 4 estado de ingresos: está formado polas previsións de Subvencións correntes das distintas administracións. A previsión da Participación nos Tributos do Estado para o exercicio 2024 realízase en base ós datos coñecidos das estimacións previstas polo Ministerio conforme á evolución ascendente de dita magnitude.

En canto a participación no Fondo de Cooperación da Xunta de Galicia, os dereitos recoñecidos netos fixéronse para 2024 en 830.000,00 €.

En canto ó resto do capítulo IV unicamente se recolle nas previsións iniciais as subvencións da Xunta de Galicia correspondentes o Plan Concertado e a subvención para o servizo de drogodependencias, en todo caso debe terse en conta que a execución de programas subvencionados debe realizarse en base ao compromiso firme de achega. E por parte da Deputación o convenio previsto nominativamente no orzamento provincial por 38.744,32, en concepto de aportación á financiación dos gastos do conservatorio e a aportación ó servizo de atención no fogar.



O Capítulo 5 do Estado de Ingresos: están formados pola ocupación de inmobles, concesións administrativas nos cemiterios municipais, así como o canon de explotación anual que se prevé liquidar a empresa concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento que se estima en 29.750,00 € pola explotación e en 20.000,00€ pola repercusión dos gastos de canon liquidados pola Confederación.

A intervención considera prudente a previsión deste capítulo.

O Capítulo 8 : recolle os ingresos previsto de reintegro de anticipos de persoal, coincidente coa cifra prevista no capítulo 8 de gastos para a concesión dos mesmos, susceptible de ser ampliada ó longo do exercicio.

O Capítulo 9 : recolle os ingresos previsto derivados da concertación de operación de préstamo por importe de 750.000,00 €

- Estado de Gastos.-

O Capítulo 1 do Estado de Gastos : O capítulo I gastos de persoal recolle as consignacións orzamentarias necesarias para facer fronte as retribucións, custos de seguridade social e fondo social do conxunto de todo o persoal funcionario e laboral ó servizo do concello. Sobre o importe das retribucións a 31/12/2022 prevese un incremento global derivado da aprobación da relación de postos de traballo, prevéndose unha aplicación parcial da mesma para o ano 2024 nun 66 % da contía total do incremento retributivo que xenera.

A RPT supón un incremento do gasto, respecto ás vixentes a 31/12/2022 constando que no proxecto de orzamento municipal correspondente ao exercicio 2024 existe crédito adecuado e suficiente para aplicar no presente ano os incrementos retributivos contemplados no acordo de aprobación inicial da RPT. O crédito das correspondentes aplicacións considérase suficiente para aplicar no presente ano o incremento derivado da RPT, tendo en conta a data de aprobación e entrada en vigor do documento.

Análise dos límites previstos no proxecto de Lei de Orzamentos para 2023

O artigo 19, apartado 2, do proxecto de Lei de Orzamentos do Estado para 2023 fixaba un límite ao incremento das retribucións do persoal establecendo que

“1. En el año 2023, las retribuciones del personal al servicio del sector público no podrán experimentar un incremento global superior al 2,5 por ciento respecto a las vigentes a 31 de diciembre de 2022, en términos de homogeneidad para los dos períodos de la comparación, tanto por lo que respecta a efectivos de personal como a la antigüedad del mismo.

2. Asimismo se aplicarán, en su caso, los siguientes incrementos respecto de las retribuciones vigentes a 31 de diciembre de 2022 y con efectos, en ambos casos, de 1 de enero de 2023:

a) Incremento vinculado a la evolución del Índice de Precios al Consumo Armonizado (IPCA). Si la suma del IPCA del año 2022 y del IPCA adelantado del mes de septiembre de 2023 fuera superior al 6 por ciento, se aplicará un incremento retributivo adicional máximo del 0,5 por ciento. A estos efectos, una vez publicados por el Instituto Nacional de Estadística (INE) los datos del IPCA adelantado del mes de septiembre de 2023, se aprobará la aplicación de este incremento mediante Acuerdo del Consejo de Ministros, que se publicará en el BOE.

b) Incremento vinculado a la evolución del Producto Interior Bruto (PIB) nominal en el año 2023. Si el incremento del PIB nominal igualase o superase el estimado por el Gobierno en el cuadro macroeconómico que acompaña a la elaboración de la presente Ley de Presupuestos, se aplicará un aumento retributivo complementario del 0,5 por ciento. A estos efectos, una vez publicados por el INE los datos de avance del PIB de 2023, se aprobará la aplicación de este incremento mediante Acuerdo del Consejo de Ministros, que se publicará en el BOE.

3. Los gastos de acción social no podrán incrementarse, en términos globales, respecto a los de 2022. A este respecto, se considera que los gastos en concepto de acción social son beneficios, complementos o mejoras distintos a las contraprestaciones por el trabajo realizado cuya finalidad es satisfacer determinadas necesidades consecuencia de circunstancias personales del citado personal al servicio del sector público.”

E en relación ao persoal laboral, o apartado 4 sinalaba que *“La masa salarial del personal laboral, que podrá incrementarse en el porcentaje máximo previsto en el apartado Dos de este artículo, en términos de homogeneidad para los dos períodos objeto de comparación.”*



Non obstante, no apartado 7 do citado artigo se establece unha excepción, tradicionalmente fixada a este límites, ao sinalar que *“Lo dispuesto en los apartados anteriores debe entenderse sin perjuicio de las adecuaciones retributivas que, con carácter singular y excepcional, resulten imprescindibles por el contenido de los puestos de trabajo, por la variación del número de efectivos asignados a cada programa o por el grado de consecución de los objetivos fijados al mismo.”*

Regulando no apartado 8 que *“Los acuerdos, convenios o pactos que impliquen crecimientos retributivos superiores a los fijados en el apartado dos deberán experimentar la oportuna adecuación, deviniendo inaplicables las cláusulas que se opongan al mismo.”*

En relación á regulación destes límites retributivos haberá de estarse ás normas estatais que se dicten en relación co proxecto de Lei de orzamentos de 2024, se ben ditos posibles incrementos enténdese incluídos na suba retributiva derivada da aplicación da RPT aprobada en 2022 cuxos efectos se adian ata 2025.

En canto o complemento específico, produtividade e gratificacións enténdese verificado que as mesmas axústanse ós límites recollidos no artigo 7 do RD 861/1986 pola que se establece o réxime de retribucións dos funcionarios civís do estado, é dicir: os créditos destinados a complemento específico, complemento de produtividade e gratificacións e no seu caso os complementos persoais transitorios, serán os que resulten de resta a masa retributiva global presupostada para cada exercicio, excluída a de persoal laboral, as sumas das cantidades que ó persoal funcionario lle correspondan por os conceptos de retribucións básicas e axuda familiar e complemento de destino. A cantidade que resulte destinárase como máximo; 75% a Complemento Específico, un 30% a produtividade e 10% a gratificacións. Debemos ter en conta que o cálculo realizase tendo sen ter en conta as catorce mensualidades do CE xa que o RD 861/1986 é anterior a normativa de orzamentos xerais do estado que fixou que o CE se percibe en catorce mensualidades iguais.

Respecto ás prazas de persoal temporal, advírtese do seu carácter temporal en situación irregular, dado o tempo transcorrido dende o inicio da súa relación laboral co concello. Esta intervención considera que deben adoptarse as medidas para que todas aquelas prazas cuxos contratos continúan en fraude de lei, se cubran formalmente ou ben de non ser postos necesarios se amorticen. A contratación de persoal laboral pola Administración Pública debe respectar o disposto na Constitución Española respecto ao acceso a función pública, pois tal carácter de Administración Pública é, de por si, factor de diferenciación relevante, en atención, precisamente, a outros mandatos constitucionais e disposicións legais que esixen o respecto aos principios de publicidade, liberdade de concorrencia, mérito e capacidade no ingreso como persoal ao servizo da Administración. O carácter indefinido dos contratos laborais non supón que o traballador ao servizo da Administración Pública consolide, sen superar os procedementos de selección, unha condición de fixeza que non é compatible coas formas acceso ao emprego público e sobre selección de persoal fixo nas Administracións Públicas. En virtude destas normas, non se pode atribuír a pretendida fixeza a persoal que de forma irregular teña adquirido a condición de indefinido, senón que, pola contra, a Administración implicada está obrigada a adoptar as medidas necesarias para a provisión regular dos postos afectados, e producida esa provisión na forma legalmente procedente, existirá unha causa lícita para extinguir o contrato.

En canto os anticipos de persoal regulados nas Bases de Execución do Orzamento, dótase no capítulo VIII en contía coincidente coa previsión de reintegro de anticipos no Estado de Ingreso. O importe máximo debe ser negociado coa representación sindical.

O Capítulo 2 do Estado de Gastos :

A Intervención considera que os créditos inicialmente previstos nas aplicacións orzamentarias que integran este capítulo resultan suficientes para atender ao cumprimento de cuantos contratos de subministración e servizos ten subscrita a Corporación, inclusive as súas revisións de prezos, e son acordes, en termos xerais, coas obrigacións recoñecidas netas nos exercicios anteriores.

O Capítulo 3: gastos financeiros que ascenden a 81.000,00 €.

O Capítulo 4: Recolle a dotación orzamentaria necesaria para a imputación do gasto derivado das subvencións en réxime de concorrencia competitiva e das subvencións nominativas que se recollen no Anexo de Subvencións que integra o expediente respectando o disposto na Lei 38/2003 Xeneral de Subvencións. En todo caso será necesario que os beneficiarios presenten a conta xustificativa do proxecto que se subvenciona e que cumpran tódolos requisitos esixidos tanto na Lei Xeral de Subvencións, como nas Bases de Execución do Orzamento, nas Bases e convocatorias ou nos Convenios que se asinen, non xerando ningún dereito o feito de que exista dotación orzamentaria si non se cumpren os



requisitos e os proxectos subvencionados. Asimesmo recóllense os créditos necesarios para aportacións a outras entidades das que o Concello é partícipe e/ou colabora.

Capítulos 6 y 7 do Estado de Gastos: No Capítulo VI inclúense os proxectos de investimento e no VII inclúense aquelas transferencias de capital comprometidas,

	CAPÍTULO 6	CAPÍTULO 7
PROXECTO ORZAMENTO 2024	735.530,60	278.549,10
ORZAMENTO 2023	610.000,00	15.099,18
IMPORTE VARIACIÓN 2024 – 2023	125.530,60	263.449,92

3. CONCLUSIÓNS:

O Orzamento Xeral Consolidado do Concello de Monforte de Lemos se presenta con equilibrio inicial entre gastos e ingresos e está formado con toda documentación e anexos esixidos nos artigos 164, 165, 166 e 168 do TRLHL.

Orzamento Concello:

- O Orzamento do Concello de Monforte de Lemos se presenta con equilibrio inicial entre gastos e ingresos. Na súa execución material deberase extremar o seguimento da realización efectiva dos ingresos que o integran.
- Recolle os créditos necesarios para retribucións básicas e complementarias e para os gastos de seguridade social a cargo do concello, que se corresponden cos que figuran no Anexo de Persoal, recolléndose no mesmo os distintos acordos relativos a Persoal. Así mesmo na aplicación orzamentaria 221.161.00 consíganse o importe correspondente ó fondo Social para 2024.
- No capítulo II consíganse créditos suficientes para o cumprimento dos contratos e compromisos legalmente adquiridos.
- No capítulos III, consígnase o crédito necesario para facer fronte a xuros de mora que proceda abonar.
- Nos capítulos VI e VII, consígnanse os créditos necesarios para poder acometer as inversións e as transferencias de capital conforme ao Plan de Investimentos que se acompaña ao expediente.

Orzamento do Organismo autónomo “Instituto Municipal de Drogodependencias”, o mesmo atopase nivelado tanto no seu estado de gastos coma de Ingresos, en 337.573,41 €. En calquera caso conclúese:

- Orzamento se presenta con equilibrio inicial entre gastos e ingresos.
- Na súa execución material deberase extremar o seguimento da realización efectiva dos ingresos que o integran.
- Consignados créditos necesarios para retribucións básicas e complementarias e costes sociais que corresponden cos figurados no Anexo de Persoal. Consignáronse os créditos necesarios para o cumprimento dos contratos e compromisos legalmente adquiridos.

Orzamento Consolidado do Concello e Organismo autónomo “Instituto Municipal de Drogodependencias”

Sobre este Estado é sobre o que hai que analizar o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

O Orzamento consolidado cumpre coa estabilidade orzamentaria, co límite da débeda e coa regra de gasto, tal e como se indicou anteriormente

Bases de Execución.-

O Orzamento do exercicio 2024 acompáñase das Bases de Execución son comúns tanto para o Concello como para o seu organismo autónomo. Conteñen, a xuízo de quen subscribe, as disposicións mínimas necesarias para unha adecuada xestión orzamentaria: as Bases conteñen as prescricións precisas para un correcto tratamento contable e financeiro da execución orzamentaria.

Procedemento de Aprobación:

- Emitido Informe pola Intervención elevarase ó Pleno da Corporación para a súa aprobación previo dictame da comisión de Facenda.
- En relación á competencia o Pleno será o órgano competente para aprobar o Orzamento Xeral, sendo o quórum necesario para a válida adopción do Acordo de aprobación, o de maioría simple, a tenor do disposto nos artigos



- 22.2 e) e 47.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 64.1.f) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Aprobado inicialmente o orzamento Xeral para o exercicio económico de 2024, exporase ó público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, polo prazo de quince días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.
 - O orzamento considerárase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas. O artigo 170 prescribe as causas polas que calquera interesado pode formular alegacións e que son as seguintes:
 - a. *Por no haberse ajustado su elaboración y aprobación a los trámites establecidos en esta Ley.*
 - b. *Por omitir el crédito necesario para el cumplimiento de obligaciones exigibles a la entidad local, en virtud de precepto legal o de cualquier otro título legítimo.*
 - c. *Por ser de manifiesta insuficiencia los ingresos con relación a los gastos presupuestados o bien de estos respecto a las necesidades para las que esté previsto.*
 - O Orzamento Xeral deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia resumido por capítulos, entrando en vigor unha vez fose publicado na forma prevista anteriormente, con efectos do 1 de xaneiro.
 - Deberá remitirse unha copia do mesmo á Administración do Estado e á Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, e a dita remisión deberase realizar simultaneamente ó envío ó Boletín Oficial da Provincia da Coruña do anuncio descrito anteriormente. Unha copia do Orzamento deberá atoparse a disposición do público, a efectos informativos, desde a súa aprobación definitiva ata a finalización do exercicio.
 - Contra a aprobación definitiva do Orzamento poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establezan as normas de dita Xurisdición ó abeiro do artigo 113 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Este é o meu informe que someto a calquera outro mellor fundado.

Monforte de Lemos, na data da sinatura dixital

O Interventor, Manuel Vázquez Fernández

CSV: 07E7000CEBBA00N4M7V6O9T4X3



FIRMANTE - FECHA



DON JOSÉ ANTONIO MOURELLE CILLERO, SECRETARIO DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS (Lugo)

CERTIFICA

Que o Pleno da Corporación na súa sesión ordinaria celebrada o día 26 de decembro do 2023, adoptou entre outros o seguinte ACORDO:

8º.- CORRECCIÓN DE ERROS A PROPOSTA DE APROBACION DO ORZAMENTO XERAL DA CORPORACION PARA O ANO 2024

Transcríbese a proposta da Alcaldía que sinala:

"Con data 27 de novembro de 2023 aprobase inicialmente en sesión ordinaria do Pleno da Corporación, o Orzamento Xeral deste Concello e do seu Organismo Autónomo Instituto Municipal de Drogodependencias, así coma as súas Bases de Execución, e o cadro do persoal para o exercicio económico 2024 sendo obxecto de publicación no Boletín oficial da Provincia de Lugo nº 275 do 30/11/2023

O artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas establece que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia de parte, os erros materiais, de feito, ou aritméticos existentes nos seus actos.

Por elo, comprobado de oficio e existencia de erros aritméticos que afectan ao contido do apartado c) das bases de execución do orzamento ao non axustarse a redacción do precepto citado á intención da proposta municipal PROPONSE ao pleno da Corporación:

PRIMEIRO.- *Proceder á corrección do erro detectado na Base de execución 26.c) da proposta de aprobación do orzamento do orzamento xeral da Corporación nos seguintes termos:*

Onde di:

"(...)consígnase a dotación económica para ós grupos políticos municipais, polo importe resultante de aplicar por cada Concelleiro 100,00 €/mes e por cada voceiro 500,00 €/mes, con cargo a aplicación 912.480.00 do Orzamento da Propia Corporación. (...)"

Debe dicir:

"(...)consígnase a dotación económica para ós grupos políticos municipais, polo importe resultante de aplicar para cada Concelleiro de cada grupo 150,00 €/mes e por cada grupo político municipal 500,00 €/mes, con cargo a aplicación 912.480.00 do Orzamento da Propia Corporación. (...)"

Sometido o asunto a votación apróbbase por maioría con trece votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista e do Grupo Municipal Popular, un voto en contra do concelleiro de Eszxperta Monforte e dúas abstencións dos concelleiros do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego.

E para que así conste, expido e asino a presente de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde,

En Monforte de Lemos. Na data da sinatura dixital.

Vº e Pce.
O ALCALDE





ANUNCIO DE APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO PARA 2024

Aprobado inicialmente en sesión ordinaria do Pleno deste Concello, do día 27 de novembro de 2023 o Orzamento Xeral deste Concello e do seu Organismo Autónomo Instituto Municipal de Drogodependencias, así coma as súas Bases de Execución, e o cadro do persoal para o exercicio económico 2024, dacordo co previsto no artigo 169 do Texto Refundido da lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, exponse ó público o expediente e a documentación preceptiva por un prazo de quince días desde a publicación deste anuncio, ós efectos de reclamacións e alegacións, o orzamento consideraráse definitivamente aprobado se durante ese prazo non se presentan reclamacións.

Monforte de Lemos, 28 de novembro de 2023

O ALCALDE, JOSÉ TOMÉ ROCA

P.D. Decreto de data 21.06.2023

A PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE, GLORIA PRADA RODRÍGUEZ.



FIRMANTE - FECHA

GLORIA MARIA PRADA RODRIGUEZ-P.D.Decreto de 21.06.2023- A 1ª Tenente de Alcalde - 28/11/2023
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 28/11/2023 09:44:04

DOCUMENTO: 20230853285
Fecha: 28/11/2023
Hora: 09:44

